

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS



ÍNDICE

1. QUE SON AS HABILIDADES SOCIAIS (HH.SS).....	2
2. PAPEL DO DOCENTE NAS HABILIDADES SOCIAIS	4
3. PAPEL DA FAMILIA NAS HABILIDADES SOCIAIS.....	5
4. O PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS	10
4.1 Xustificación normativa.....	10
4.2 Por que un programa de habilidades e competencias sociais no colexio?	11
5. PROGRAMAS DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS	13
5.1 Programa de habilidades e competencias sociais básicas en aula e Programa de Habilidades e competencias sociais colexio – familia: obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización, recursos, avaliación, actividades.....	13
5.2. Programa específico para contribuir á adquisición de habilidades e competencias sociais	88
CONCLUSIÓN	89
ANEXOS.....	90
<i>Anexo 1 Avaliación inicial e final Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria</i>	
<i>Anexo 2 Avaliación inicial e final do 2º ciclo de Educación Primaria</i>	
<i>Anexo 3 Avaliación inicial e final do 3º ciclo de Educación Primaria</i>	
<i>Anexo 4 Autoavaliación do alumnado</i>	
<i>Anexo 5 Caderno das emocións</i>	
<i>Anexo 6 O volume de voz</i>	

1. QUE SON AS HABILIDADES SOCIAIS (HH.SS)

Os seres humanos vivimos en grupo e continuamente nos estamos relacionando cos demais individuos do noso grupo; na nosa casa, no colexio, no traballo, no autobús, cando mercamos, etc. convivimos con outras persoas coas que compartimos obxectivos, valores e normas. Cando nos relacionamos con elas poñemos en xogo o que se denominan habilidades sociais.

E que son as habilidades sociais?

Son un conxunto de capacidades que permiten ás persoas manter axeitadamente unha interacción social, expresar sentimentos, pensamentos, actitudes, desexos, opinións, etc, de forma asertiva, é dicir respectando os dereitos dos demais.

Existen moitas definicións ao respecto pero cabe destacar a recollida por Gil (1993) que define as habilidades sociais como condutas aprendidas (polo tanto poden ser ensinadas), e que se manifestan en situacións interpersoais, socialmente aceptadas (o que implica ter en conta normas sociais e normas legais do contexto sociocultural no que teñen lugar, así como criterios morais), e orientadas á obtención de reforzamentos ambientais ou autoreforzos.

Polo tanto, podemos entender por habilidade social o proceso de comunicación eficaz con outras persoas.

Cabe sinalar aquí que en xeral as repercusións da falta de competencia social en nenos/as e adolescentes son numerosas e complexas, pero poden resumirse nas seguintes (López, 1999; Ovejero 1998):

- as dificultades emocionais, sociais e de conduta derivadas da falta de habilidades sociais, están en ocasións na base das dificultades de aprendizaxe do alumnado. Noutros casos son ditas dificultades de aprendizaxe as que parecen orixinar os problemas de competencia social, por exemplo conflitos co mestre/a, compañeiros/as ou mesmo a coa familia.
- as dificultades ligadas á falta de competencia social afectan ao benestar emocional e social do alumnado, benestar que o colexio debe promover como un ben en sí mesmo. O colexio ademais de proporcionar ao alumnado coñecementos, debe educar tamén para a vida e para levar unha

existencia feliz é necesario ter unha visión positiva de un mesmo e dos demais, relacionarse axeitadamente cos que nos rodean ademais de doutras capacidades vinculadas directamente ás habilidades sociais.

No contexto escolar, as manifestacións do alumnado de falta de competencia social poden ser moi variadas: ansiedade, tristeza, retraemento social, problemas de concentración ou desinterese académico que conduce incluso ao absentismo escolar, dificultades na relación cos compañeiros/as ou mestres/as, que se materializan en condutas disruptivas na aula ou incluso chegando á agresión...entre outras condutas antisociais.

Hai que sinalar que aínda que sexan as manifestacións condutuais máis chamativas as condutas disruptivas, agresión...as que con máis frecuencia chaman a atención dos mestres/as, débese ter en conta tamén a aquel alumnado con fenómenos condutuais situados na esfera do temor e a inhibición, xa que o colexio debe dar resposta a tódalas manifestacións das dificultades nas habilidades sociais, e non só a aquelas condutas que causan dificultades na convivencia escolar ou no clima de aula.

Polo tanto é competencia tamén do colexio promover as habilidades sociais do alumnado, xa que ademais é o lugar máis adecuado para levar a cabo o programa de habilidades e competencias sociais por 2 razóns clave:

- o entrenamiento en habilidades sociais é máis eficaz cando se realiza en grupo, dado que os outros/as nenos/as son unha importante fonte de aprendizaxe, sexa a través de procesos de imitación ou de aprendizaxe social, e ademais proporciona oportunidades únicas para o exercicio destas condutas.
- os compañeiros/as son unha fonte de apoio emocional para estas aprendizaxes.

Onde se aprenden as habilidades sociais? Tanto no ámbito familiar como escolar.

2. PAPEL DO DOCENTE NAS HABILIDADES SOCIAIS

Para que as habilidades sociais cheguen a bo cauce o docente que implemente o programa e, en xeral, tódolos docentes, deben ter as seguintes habilidades:

- **escoita activa:** significa escoitar e entender a interacción dende o punto de vista do que fala. Refírese á habilidade de escoitar non só o que a persoa expresa directamente, senón tamén os sentimentos, ideas ou pensamentos que subxacen ao que se di.
- **empatía:** para conseguir unha boa comunicación co alumnado, o/a mestre/a debe saber poñerse no lugar do alumnado, así como ter sempre en conta o punto de vista alleo. Ben practicada a empatía, facilita o progreso da relación co alumnado. En resumo, o/a mestre/a debe compartir as inquedanzas do alumnado, prestarlle o seu apoio e sensibilizarse cos seus problemas.
- **asertividade:** fai referencia á capacidade de dicir o que se pensa, de expresar os propios sentimentos, desexos, dereitos... pero sin que esta expresión supoña a violación dos dereitos dos demais. Esta implica o respecto cara un mesmo e cara os demais.

Ademais aspectos que mellorarán a interacción mestre/a-alumno/a serán, entre outros:

- expresarlle ao alumnado que se lle está escoitando, tanto con comunicación verbal como coa non verbal.
- coidar a comunicación non verbal; e que sexa sempre acorde coa verbal, con contacto visual e dende e con afecto.
- manter a atención tanto ao inicio da mensaxe como no seu desenvolvemento e ao final.
- non interromper a comunicación da mensaxe do alumnado.
- non ofrecer axuda ou solucións moi rápido.
- **parafrasear:** verificar o que o alumnado acaba de dicir. Isto axuda a comprender o que o alumno/a formula e permite mellorar a súa expresión en canto á conceptualización das cuestións expostas.

- ao corrixir o alumnado, expresarse facendo referencia ao que fai e non ao que é. As etiquetas non axudan aos alumnos/as, senón que incluso poden reforzar as súas dificultades.
- evitar as xeralizacións. Os termos “sempre” e “nunca” tenden a formar etiquetas, principalmente cando se trata de corrixir condutas e para chegar a acordos co alumnado, producir cambios...
- ser breve, específicos, concretos, precisos, é unha forma das principais normas da comunicación. Repetir varias veces o mesmo con distintas palabras, ou alongar excesivamente o discurso, non é agradable para quen escoita, xa que produce a sensación de ser tratados como persoas que non acaban de entender o que se pretende transmitir.
- elixir o momento axeitado para establecer a interacción: se se van a corrixir condutas ou pedir explicacións é mellor facelo de xeito individual. Se pola contra é para eloxiar a conduta do alumno/a, será moi bo facelo diante do grupo-clase.

3. PAPEL DA FAMILIA NAS HABILIDADES SOCIAIS

Primeiramente recordar que a función principal da familia é a de xerar amor, esperanza e pensamento para que os fillos/as podan adquirir unha autonomía e autoestima que lles permita crecer cunha adecuada saúde mental e emocional. Polo tanto a familia debe prestarlle toda a atención e axuda pero sen sobreprotexer. Ofrecer confianza e apoio.

Utilizar un estilo educativo familiar asertivo, que integre normas, diálogo e autonomía. Manter unha actitude de comunicación cara ás inquiredanzas e dificultades de cada membro da familia.

Amosar interese polas súas cousas que vos contan os vosos fillos/as e falar a miúdo con eles/as sobre o colexio, as tarefas escolares, as amizades, as súas preocupacións, etc.

Ademais é moi importante ter en conta que os nenos/as non nacen sabendo xestionar as súas emocións, polo tanto a familia tamén debe ensinalle e axudarlle. É máis, o cerebro dun neno/a non está completamente desenvolvido como para poder ir regulando as súas emocións, polo que é normal que as emocións lle desborden e lle custe expresalas. Polo tanto cando lles custe expresalas, un

método a empregar é que debuxen o que lles fai sentir esa emoción, e o expliquen en base ao debuxo, xa que isto lles axuda moito.

Recoméndase ler en familia, libros que teñan por temática as emocións e explicar cada quen cando sentiu esa emoción que se está lendo. Por exemplo un dos libros pode ser “El *Emocionario*” onde se presenta a descrición e representación gráfica dunha gran variedade de emocións e sentimentos. É como un diccionario emocional. Moi útil para aprender a identificar emocións de forma adecuada, pois non só describe os diferentes estados emocionais, senón que tamén axuda a distinguilos expoñendo como se relacionan unhas emocións con outras e explicando de forma sinxela as posibles causas da emoción sentida. Innda que este libro está dirixido á poboación infantil é un recurso moi útil para tódalas persoas que teñen dificultades para identificar as súas emocións.

Outro libro moi interesante é “El laberinto del alma”, tamén considerado como un diccionario emocional pero este está dirixido a poboación adolescente e adulta. Nel descríbense sentimentos de maior complexidade emocional como vínculo, empatía, abandono... E ao igual que o libro mencionado anteriormente, a cada sentimento acompaña lle unha representación gráfica.

Todas estas indicacións tamén son de utilidade para traballar a regulación emocional.

Ademais para poder axudarles a canalizar os seus sentimentos (frustración, tristeza, enfado, medo...) ou resolver problemas, é necesario:

- Recoñecer e xestionar as vosas propias emocións como adultos: como vos sentides ante as súas emocións e comportamentos.
- Axudarlle a calmarse, dende a vosa calma, poñéndoos á súa altura, mirándolles aos ollos e buscando o contacto físico, sen tratar de reprimir as súas emocións.
- Axudarles a poñer nome ás súas emocións: “*Que che pasa, cariño, estás enfadado/triste ou tes medo? Que che molesta/preocupa/dá medo? Que ocorreu?*”...
- Escoitalos/as mirándolle aos ollos, asentindo, utilizando expresións curtas: “*xa vexo, vaia...*”

- Demostrarlle que entendedes as súas emocións, ampliarlles a perspectiva axudándoos/as a ver a situación dende outros puntos de vista e ofrecerlles a vosa axuda: *“Entendo que te sintas enfadado/a,... sabes o que pasa?, que... queres que che axude a sentirte mellor...?”*
 - o Se acepta o ofrecemento, podedes axudalos/as a través de preguntas para:
 - Entender as súas necesidades, *“que queres?, que necesitas?, como queres sentirte?”...*
 - Pensar en alternativas para sentirse mellor e valorar as súas consecuencias: *“que podes facer...?, que pasaría se o fixeras?. Podemos darlle pistas: “que che parece se facemos...?”*
 - o Se non aceptan o ofrecemento, podedes dicirlles que cando queiran que lle axudedes estaredes aí para él/ela e que recorden que sempre poden facer algo para sentirse mellor.

Ademais vós, pais e nais, podedes axudar aos vosos fillos/as seguindo estas normas xerais básicas para mellorar na adquisición correcta das habilidades sociais:

- manter un ambiente agradable, tranquilo e sosegado para conseguir unha comunicación máis efectiva.
- entablar diálogos fomentando aprender a escoitar e respectar as quendas para falar.
- escoitar con atención a quen fala, mirar á cara ao menos gran parte da conversa.
- expresar clara e directamente os desexos, opinións, sentimentos agradables e desagradables.
- adaptarse á situación, ao tema do que se está falando.
- recurrir aos xestos adecuados que acompañan ás palabras, con sencillez e sen esaxeracións.
- axudarlles a identificar e expresar como se sinten comezando coas emocións máis sinxelas: alegría, tristeza...
- poñerse no lugar do outro cando o que nos fala está enfadado, triste, alegre...

- emitir/aceptar críticas positivas realizadas correcta e educadamente.
- repetir aquelas partes do “voso” discurso que consideredes moi importante: falando con claridade, pausadamente, con entoación adecuada, sen présas...
- evitar interrumpir repetidamente aos vosos interlocutores.
- aceptar de bo agrado que os demais podan pensar de forma diferente á vosa.
- asumir a responsabilidade que corresponda cando hai algún conflito.
- aportar solucións aos conflitos e problemas en lugar de discutir por discutir.
- eliminar reproches e críticas negativas dirixidas aos demais.
- eliminar frases irónicas e con dobre sentido, a linguaxe escura e ambigua, muletillas...
- evitar poñer pegas a todo o que se di.
- recoñecer a parte de razón que poidan ter os demais.
- aprender a tomar decisións correctas, razoables e consecuentes relativas a temas e situacións concretas.
- asumir as consecuencias positivas/negativas das propias actuacións dun mesmo.
- proporcionar ocasións que posibiliten relacionarse en distintas situacións sociais que faciliten o seu exercicio, por exemplo ir aos parques de xogos, actividades infantís organizadas polo Concello ou asociacións, actividades extraescolares...
- valorar positivamente as condutas dos nenos/as ante calquera logro, por mínimo que pareza, aínda que non o fagan todo ben. Fomentar a autoestima felicitandoos/as cando fan as cousas ben ou terminan con éxito.
- facilitar o pensamento diverxente animando aos nenos/as a elixir a solución que máis conveña entre as distintas posibles.
- fomentar actitudes empáticas axudando nas peticións dos demais, anticipando accións: que pasaría si berro cando alguén me está falando?...
- motivalos para que fagan as tarefas de maneira cada vez máis autónoma: vestirse, lavarse...
- practicar o saúdo e a despedida como formas habituais e correctas de comportamento.
- realizar comentarios agradables sobre os demais. Valorar as cousas positivas que din sobre un mesmo.

- aprender a comportarse correctamente no entorno próximo e posteriormente, máis lexano...tendo en conta aspectos de tipo: desenvolver actividades en lugares e momentos adecuados.

En definitiva, para conseguir bos hábitos en calquera aspecto debes ser **exemplo** para os vosos fillos/as.



4.0 PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

4.1 Xustificación normativa

As habilidades e competencias sociais, representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, os centros docentes desenvolverán programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado nos cales se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en tódalas áreas e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

Igualmente, de conformidade co *artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, o Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa inclusión no centro docente. Ademais sinalar que no noso colexio os presentes programas de habilidades e competencias sociais (de aula e o de colexio – familia) van dirixidos a todo o alumnado, xa que todos/as van verse beneficiados, e ademais é unha forma máis para seguir fomentando a boa convivencia do noso colexio.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase (cando sexa necesario), un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro (o cal se explica no punto 5.3).

4.2 Por que un programa de habilidades e competencias sociais no colexio?

Cando un individuo posúe unha positiva competencia social na súa infancia, redonda de xeito positivo na súa adaptación social, escolar e psicolóxica. Está sobradamente demostrada a relación existente entre unha boa capacidade social e un positivo rendemento escolar. A axeitada competencia social na infancia, está asociada con logros escolares e sociais, cun maior axuste persoal e social na vida adulta.

Así pois, **ser socialmente hábil:**

- ☞ Favorece a socialización infantil.
- ☞ Aumenta o rendemento intelectual.
- ☞ Crea maiores interaccións positivas.
- ☞ Amplía a aceptación dos demais cara un mesmo/a.
- ☞ Permite emitir respostas afectivas e apropiadas.
- ☞ Aumenta o reforzamento social.

Ser **socialmente inhábil:**

- ☞ Favorece a baixa autoestima.
- ☞ Diminúe os reforzadores sociais positivos.
- ☞ Propicia a agresividade.
- ☞ Crea frustración.
- ☞ Favorece o retraemento.
- ☞ Aumenta as dificultades de adaptación.
- ☞ Favorece a aparición de problemas psicolóxicos.

O colexio como institución, xunto coa familia e en colaboración con ela, pode promover a competencia social do seu alumnado a través do ensino - aprendizaxe das habilidades e competencias sociais.

Este entrenamiento en habilidades e competencias sociais, está dirixido aos nenos/as de Educación Infantil e Educación Primaria.

O programa de habilidades e competencias sociais está integrado dentro da acción tutorial, entendida no seu sentido máis amplo. Por iso, deberá tomarse en consideración aspectos como:

- está dirixido tamén a nenos/as “sen problemas” como estratexia educativa para aumentar a súa competencia social e para previr diferentes problemas. Tamén debe utilizarse con nenos/as con carencias no repertorio condutual, sendo neste caso unha estratexia de intervención, de ensino de comportamentos interpersoais adaptativos e de modificación de comportamentos inadecuados. Polo tanto debe dirixirse a todo o alumnado, non aos “alumnos/as problemáticos/as”, porque vai orientado cara a formación nun modelo de convivencia e a prevención de condutas antisociais como se comentou anteriormente.
- Adaptarse á idade dos escolares. Os equipos de ciclo e os mestres/as tutores/as deberán de adecuar a metodoloxía e os exercicios a desenvolver nas súas clases, adaptando este programa a partir dos enunciados do mesmo.
- Integrar as habilidades e competencias sociais na rutina da clase.
- Informar e orientar ás familias sobre o desenvolvemento do programa e sobre como reforzarna familia a aprendizaxe das habilidades sociais.

5. PROGRAMAS DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

5.1 Programa de habilidades e competencias sociais básicas en aula e Programa de Habilidades e competencias sociais colexio – familia.

A continuación preséntanse dous programas de habilidades sociais: un para a aula (destinado a adquirir unha base nas habilidades e competencias sociais) e outro para levar a cabo familia – colexio e seguir avanzando na adquisición axeitada das mesmas.

Obxectivos

O obxectivo xeral é contribuir ao desenvolvemento das habilidades e competencias sociais e condutas nas persoas, de modo que lles permitan relacionarse dunha maneira correcta co contorno social, e ademais lle permitan comunicar sentimentos, opinións e afectos de xeito asertivo.

Así como proporcionar ás familias orientacións e estratexias para mellorar a educación dos seus fillos/as en canto ás relacións interpersoais, e implicala no desenvolvemento do programa de habilidades e competencias sociais.

Obxectivos específicos:

Do programa de habilidades e competencias sociais básicas en aula

- desenvolver no alumnado condutas de interacción básicas e emocionais no contexto de aula.

En cada actividade deste programa recóllense os obxectivos específicos a traballar en base ao obxectivo xeral.

Do programa de habilidades e competencias sociais colexio – familia

- desenvolver no alumnado habilidades básicas e avanzadas.

En cada actividade deste programa recóllense tamén os obxectivos específicos a traballar en base ao obxectivo xeral.

É importante comunicar ás familias os obxectivos que se van pretendendo acadar coa realización destas actividades, así como pedir a súa colaboración para acadar ditos obxectivos.

Contidos

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS BÁSICAS EN AULA		
EXPRESIÓN E COMPRENSIÓN DE EMOCIÓN	HABILIDADES SOCIAIS BÁSICAS	NORMAS DE CORTESÍA
1. Estar contento / alegre	7. Aprendo a escoitar	10. Saúdos e despedidas
2. ¿Cando me poño contento?	8. O volume de voz	11. Dou as gracias
3. Estar triste	9. Aprendo a regular o meu volume de voz	12. Pido perdón
4. ¿Cando me poño triste?		
5. Estar enfadado		
6. ¿Cando me enfado?		

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS COLEXIO - FAMILIA

Seguindo o libro de Inés Monjas, o programa de habilidades e competencias sociais que se presenta a continuación organízase en torno ás seguintes grandes áreas.

Habilidades básicas de interacción social

Son habilidades e comportamentos básicos para relacionarse con calquera persoa en interaccións afectivas e de amigos/as, así como noutro tipo de contactos persoais. Moitas veces olvídanse porque parecen obvias e considéranse como condutas de formalidade pero está constatada a importancia que teñen nas interaccións do neno/a e adolescente.

Habilidades conversacionais

Permiten ao neno/a iniciar, manter e finalizar conversas con outras persoas. Son o soporte fundamental das interaccións con outras persoas, para que estas sexan efectivas. Por medio da expresión verbal expresamos os nosos sentimentos, negociamos un conflito, interactuamos

co outro. Na infancia, a conversa, non é so un medio esencial de participación, senón de aprendizaxe.

Habilidades para facer amigos/as

Son cruciais para o inicio, desenvolvemento e mantemento de interaccións positivas e mutuamente satisfactorias cos iguais. Implica satisfacción mutua e contribúe ao adecuado desenvolvemento social e afectivo do neno/a. Os nenos/as que teñen amigos/as presentan unha maior adaptación persoal e social. O neno/a habilidoso/a nesta área recibe maior cantidade de respostas e propostas sociais positivas dos compañeiros/as. Esta área comprende as seguintes habilidades.

Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións

Relacionadas coa conduta asertiva ou asertividade, é dicir, aquela que implica a expresión directa dos propios sentimentos e a defensa dos propios dereitos persoais, sen negar os dereitos dos outros.

A persoa asertiva, protexe seus propios dereitos e respecta os dereitos dos outros, consegue seus obxectivos, é expresiva emocionalmente, síntese ben con ela mesma e fai que os demais valoren e respecten os seus desexos e opinións.

Habilidades de solución de problemas interpersoais

Constitúen un importante mediador do axuste comportamental e social, apréndese a través da experiencia. O obxectivo é que o neno/a aprenda a solucionar por el/ela mesmo/a e de forma construtiva e positiva os problemas interpersoais que xurden en relación con outros/as nenos/as. As situacións que poden xurdirlle ao neno/a:

- ✓ Aceptación, rechazo ou negativa.
- ✓ Agresión, ataque físico ou verbal.
- ✓ Apropiación de pertenzas e obxectos persoais.
- ✓ Acusación, violación dos seus dereitos e necesidade de axuda.

Habilidades para relacionarse cos adultos

Implica relación con persoas de “status superior” no sentido de maior idade, autoridade, etc, polo que é preciso que os nenos/as teñan claro que a relación que manteñen cos adultos é distinta á que manteñen cos nenos/as. Isto non suporá que estas relacións sexan de dependencia, sumisión para o neno/a, senón pola contra sexan relacións positivas para ambos.

Hai nenos/as que interactúan inadecuadamente co adulto, os nenos/as con problemas de competencia social, teñen máis relación co adulto pero en ton máis negativo (reprimendas, sancións, etc), non interactúan ben e utilizan modelos inapropiados de relación con eles como: relacionarse só cando llo esixe a actividade ou cando necesita axuda. para evitar así no posible a relación co adulto.

Estas habilidades, están moi relacionadas coa área de defender os propios dereitos de forma asertiva e positiva. Estas habilidades son de esencial importancia xa que son un elemento de prevención e de entrenamiento para mellorar e evitar moitos dos conflitos que xorden a diario, tanto no colexio como na familia.

As habilidades para relacionarse cos adultos, son moi importantes cando en ocasións, a relación adulto - neno/a é inadecuada, xa que ás veces ao adulto cústalle aceptar que os nenos/as tamén teñen todo o dereito a expresarse e facer peticións.

A continuación amósase unha táboa con cada área que se explicou con anterioridade e dentro de cada unha, as habilidades que se consideran centrais a ensinar e potenciar.

Contidos

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS COLEXIO - FAMILIA		
Habilidades básicas de interacción social	Habilidades conversacionais	Habilidades para facer amigos/as
<ul style="list-style-type: none"> -Saudar -Presentacións -Cortesía e amabilidade -Desculparse, pedir perdón e perdoar 	<ul style="list-style-type: none"> -Iniciar, manter e rematar conversas (actuar por quendas) -Conversas de grupo 	<ul style="list-style-type: none"> -Iniciar unha relación/ Unirse ao xogo con outros -Cooperar e compartir
Habilidades relacionadas coas emocións, sentimentos e opinións	Habilidades de solución de problemas interpersoais	Habilidades para relacionarse cos adultos
<ul style="list-style-type: none"> -Coñecerse a si mesmo: <ul style="list-style-type: none"> .Autocoñecemento .Autoafirmacións positivas .Defender os propios dereitos (defender a propia opinión) -Dicir non -Emocións e sentimentos <ul style="list-style-type: none"> .Expresar/recibir emocións (afrontar, aceptar e rechazar críticas) 	<ul style="list-style-type: none"> - Solucionar problemas interpersoais (buscar solución e anticiparse ás consecuencias) 	<ul style="list-style-type: none"> -Peticións ao adulto -Solucionar problemas con adultos
<p>AUTOESTIMA</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consideracións xerais para os docentes - Orientacións para a familia 		

Metodoloxía

As habilidades sociais son comportamentos complexos, compostos por cadeas de condutas e é preciso que os nenos/as sexan instruídos nas habilidades e condutas específicas que os compoñen. Debemos axudalos/as a que identifiquen as respostas específicas que teñen que levar á práctica e a secuencia adecuada. Cada unha das habilidades que se van a traballar seguirán unhas pautas de actuación concretas.

Ha de terse en conta a predisposición e actitude do alumnado fronte ao programa de habilidades sociais, polo que se lles debe de explicar en que vai consistir e que se pretende traballar.

A metodoloxía será activa e participativa, e neste sentido, o marco adecuado para traballar as habilidades sociais é a titoría, a través de assembleas de aula, a instrución directa do mestre/a titor/a ou o traballo individualizado do alumno/a. Unha vez instruído o alumnado nestas habilidades, calquera situación da vida escolar, familiar e social é boa para practicalas e recordalas.

O/A mestre/a adaptará a súa linguaxe ao nivel educativo dos alumnos/as cos que se vai a traballar.

Na etapa de Educación Infantil as actividades deberán ser moito máis marcadas e guiadas así como explicar antes da actividade o vocabulario que igual non coñeza o alumnado ou incluso poñer outros exemplos para a actividade.

Para o programa de habilidades e competencias sociais básicas en aula: a metodoloxía xeral que se propón para o logro das habilidades sociais, refléxase tamén en cada actividade así como os materiais necesarios en cada unha.

Para o programa de habilidades e competencias sociais colexio – familia: empregaranse as seguintes técnicas no entreno das habilidades a conseguir (tamén se poden aplicar para o programa de habilidades e competencias básicas na aula cando se considere).

1. Compoñentes e pasos condutuais específicos da habilidade

A sesión de entreno comeza cun comentario do docente sobre a conduta que vai a ser obxecto de aprendizaxe. Nesta instrución é importante:

- a presentación e identificación da conduta proposta a través de exemplos.
- unha vez que o docente comprobou que os nenos/as entenden a conduta a tratar na sesión, é útil discutir entre todos/as as razóns polas que é bo mostrar este tipo de

habilidade ou conduta.

- é importante que os nenos/as se impliquen, para iso o docente faralles preguntas sobre cómo se sentiron eles/elas cando actuaron inadecuadamente.

2. O modelado

É a aplicación concreta. O docente e/ou os alumnos/as socialmente competentes modelan un exemplo de actividade, mentres que o resto dos alumnos/as observan a execución do modelo. Pode realizarse tanto en situacións simuladas (gravadas en vídeo) como en vivo, ou en situacións naturais. O modelo debe pensar en voz alta mentres executa os pasos condutuais, para que os alumnos/as observen o proceso cognitivo que acompaña á actuación concreta.

Unha forma de facelo é que o docente seleccione unha serie de exemplos de situacións coas preguntas, respostas ou intervencións adecuadas que deberían formularse.

3. Ensaio condutual. Role-playing. Dramatizacións

O seguinte paso importante é que os nenos/as executen o compoñente durante unha interacción práctica. Existen varias formas de realizar este ensaio:

- Verbalización de exemplos.
- Interaccións simuladas. Role-playing. Dramatizacións

4. Reforzamento do mestre/a. Retroalimentación ou Feedback

O reforzamento consiste en dicir ou facer algo agradable ao neno/a despois dunha boa execución.

Na retroalimentación ou feedback, o docente informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Canto máis detallado ou específico sexa, máis probable será que os nenos/as melloren a súa execución.

O docente debe procurar que o feedback sexa un reforzamento positivo dos aspectos valiosos manifestados por cada neno/a. Debe centrarse en algo que os nenos/as fixeran ben, aínda que só sexa terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil. Non

obstante, acto seguido deberá pasar a comentar o que fai que esa conduta siga sendo aínda incorrecta.

5. Transferencia. Tarefas para casa.



Non existe aprendizaxe se non existe transferencia desa conduta no tempo a outros contextos e a situacións específicas como é a casa. Trátase de conseguir esta transferencia a través de dúas etapas ou fases de entramento principalmente:

- Transferencia a novas situacións nas que os nenos/as practican a habilidade social aprendida en situacións distintas. Un procedemento é presentar ao alumno/a situacións de práctica, novas e distintas. A través da observación, a familia/ docentes estarán en condicións de saber si os nenos/as son capaces de aplicar as súas novas habilidades en situacións distintas.

- Tarefas para casa nas que se comenta cos nenos/as o nome das persoas con quen practicarán a habilidade, e os nenos/as informarán de cómo lles foron as tarefas. O docente deberá obter detalles sobre o que sucedeu exactamente e coidar de que cada neno/a sexa “recompensado” apropiadamente por dita tarefa.

As fichas colexio ou casa, identifícanse co seguinte encabezado:

		HABILIDADE
		Nome da habilidade
OBXECTIVO:		

		HABILIDADE
		Nome da habilidade
OBXECTIVO:		

Como se pode ver presentan o mesmo formato, coa indicación no caso da familia, dunha imaxe dunha casa, para que o alumno/a a leve á casa e a familia traballe con el/ela.

Temporalización

A distribución das áreas de traballo e correspondentes habilidades e competencias sociais aplicarase seguindo a orde de sucesión exposto en cada un dos programas. Non obstante pode modificarse en función de situacións que xurdan, ou de preferirse, debido ao carácter transversal do programa, poderá integrarse dentro das diferentes áreas comunicando aspectos de mellora á Xefatura do Departamento de Orientación para facer unha análise conxunta.

En canto ó programa de habilidades e competencias sociais básicas en aula, este comezarase durante o 1º trimestre do ano académico (logo de explicarlle ao alumnado o que se pretende con estes programas e ao mesmo tempo dispoñer de tempo para poder ir informando ás familias, para o cal se pode contar tamén co/a Xefe/a do Departamento de Orientación, se a dispoñibilidade horaria (ao estar en 2 colexios), o permite).

Unha proposta de temporalización poderá ser:

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS BÁSICAS EN AULA			
SEMANA 1 Estar contento /alegre	SEMANA 2 ¿Cando me poño contento?	SEMANA 3 Estar triste	SEMANA 4 ¿Cando me poño triste?
SEMANA 5 Estar enfadado	SEMANA 6 ¿Cando me enfado?	SEMANA 7 Aprendo a escoitar	SEMANA 8 O volume de voz
SEMANA 9 Aprendo a regular o meu volume de voz	SEMANA 10 Saúdos e despedidas	SEMANA 11 Dou as grazias	SEMANA 12 Pido perdón

Como se pode ver, de modo orientativo dedicarase unha semana a cada actividade, co cal chegado tamén o momento da 1ª sesión de avaliación trimestral, porase en común como se vaidesenvolvendo no alumnado o proceso de ensino - aprendizaxe das habilidades e competencias sociais básicas en aula, e a súa evolución ao respecto.

É necesario fixar na aula, tempos específicos para levar a cabo o programa, como podería ser por exemplo ao inicio da semana. Non obstante, cada mestre/a decidirá o momento concreto de traballalas dentro do seu horario.

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS COLEXIO - FAMILIA		
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
Habilidades básicas de interacción social	Habilidades conversacionais	Habilidades para facer amigos/as
-Saudar -Presentacións -Cortesía e amabilidade -Desculparse, pedir perdón e perdoar	-Iniciar, manter e rematar conversas (actuar por quendas) -Conversas de grupo	-Iniciar unha relación/ Unirse ao xogo con outros -Cooperar e compartir
ABRIL	MAIO	XUÑO
Habilidades relacionadas coas emocións, sentimentos e opinións	Habilidades relacionadas coas emocións, sentimentos e opinións	Habilidades para relacionarse cos adultos
-Coñecerse a si mesmo: .Autocoñecemento .Autoafirmacións positivas .Defender os propios dereitos (defender a propia opinión)	-Dicir non -Emocións e sentimentos: .Expresar/recibir emocións (afrontar, aceptar e rechazar críticas)	-Peticións ao adulto -Solucionar problemas con adultos
	Habilidades de solución de problemas interpersoais	
	- Solucionar problemas interpersoais (buscar solución e anticiparse ás consecuencias)	
AUTOESTIMA		
- Consideracións xerais para os docentes - Orientacións para a familia		
AO LONGO DO CURSO		

Como se pode ver, este programa levarase a cabo no 2º e 3º trimestre, e poderase facer semanalmente, quincenalmente ou mesmo de forma mensual por bloques segundo o que se adaptemellor/acorde cada ano académico.

Recursos

A ter en conta tanto o colexio como a familia.

Enténdese por recurso todo aquilo que poida ser de utilidade para poder levar a cabo os presentes programas. Tendo en conta isto, podemos dicir que existen por un lado os recursos humanos e por outro os materiais.

Dentro dos recursos humanos, están os docentes, as familias (que a través do asesoramento que reciben nas reunións e entrevistas persoais e a posta en práctica tamén no ámbito familiar favorecen a continuidade e integración entre a educación formal e non formal), así como os posibles profesionais que se poden incorporar de fóra do centro docente e servir de axuda no desenvolvemento dos programas.

O Xefe/a do Departamento de Orientación asesorará aos docentes e o/a mestre/a titor/a do grupo e tódolos docentes colaborarán no desenvolvemento dos programas tendo en conta as indicacións recollidas neste documento, e as que de ser o caso e necesario, podan xurdir como complemento.

En canto os recursos materiais hai que ter en conta o tipo de mobiliario necesario para que as sesións sexan o máis amenas posibles e adaptadas ás posibles necesidades educativas de calquera das persoas que sexa partícipe no programa.

Ademais outros recursos a ter en conta e igual de importantes son:

- As situacións escolares: xa que hai que iniciar as aprendizaxes dende a realidade, dende as experiencias que coñecen e viven os alumnos/as. Entre elas:

- As relacións interpersoais dos alumnos/as cos compañeiros/as, mestres/as e outras persoas.
 - Os conflitos, frecuentes na dinámica escolar.
 - O traballo en equipo, que esixe a aprendizaxe e a práctica da convivencia.
 - O xogo e a práctica deportiva.
 - A participación dos alumnos/as no funcionamento da clase.
- A disciplina escolar, cuxa esixencia posibilita a convivencia harmónica dos alumnos/as.
- A ambientación dos espazos do Centro:
- Elaboración de carteis e murais que sirvan de recordatorio das habilidades que se están traballando.
 - Creación de slogans polo alumnado para sensibilizar sobre as normas básicas de interacción social.
- A proxección de películas como “Cadena de Favores”.
- Os libros de lectura en relación á habilidade a traballar nas sesións (neste sentido o libro “Emocionario” tamén sería un recurso a ter en conta tamén en aula)
- Os medios de comunicación e Internet: presentan con frecuencia conflitos e acontecementos sociais problemáticos entre persoas e pobos.
- Ademais tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, sería recomendable que o alumnado utilizase ademais un diario das emocións (compartíndoo tamén coa casa), onde indicando o día que é, escribir e/ou debuxar aquelas situacións que os/as poñen **contentos/as/tristes/enfadados/as**, identificando a **alegría de cor verde**, a tristeza de cor gris e o **enfado en vermello**. Isto sería ó mesmo tempo un bo mecanismo para o mestre/a así coñecer as emocións predominantes nos seus alumnos/as, sabendo en que circunstancias se soen producir, e ó mesmo tempo o alumnado sentirse máis tranquilo ó poder identificar

dalgun modo visualmente, sobre todo o que lle xenera a emoción de triste e enfadado/a e canalizalas correctamente. Poderíase seguir empregando o *Anexo 5* para isto.

Avaliación

A avaliación das habilidades e competencias sociais estará presente durante todo o proceso de ensino - aprendizaxe.

Primeiramente, levarase a cabo unha avaliación inicial xa que é un momento clave para coñecer

o nivel de competencia do alumno/a en relación ao dominio de habilidades e competencias sociais, na que se terán en conta de forma xeral a través da observación directa e sistemática unha serie de criterios relacionados coas habilidades e competencias sociais a través da táboado *Anexo 1* para a etapa de Educación Infantil e para o 1º ciclo de Educación Primaria.

Tamén si se considera e para profundizar ademais na avaliación inicial do 2º ciclo de Educación Primaria cóntase co *Anexo 2* e para 3º ciclo de Educación Primaria co *Anexo 3*.

A información extraída das avaliacións iniciais trasladarase ao Xefe/a do Departamento de Orientación.

A avaliación durante o desenvolvemento é básica para coñecer cómo van evolucionando os suxeitos co paso do tempo a través da observación directa das actividades realizadas en clase e da participación dos alumnos/as nas mesmas.

Ao final do programa, volverase a avaliar aos alumnos/as realizando unha avaliación final a través da observación sistemática e si se considera necesario e para profundizar tamén co *Anexo 1*, co *Anexo 2* ou *Anexo 3* respectivamente.

En cada sesión de avaliación trimestral, como se indicou anteriormente tamén se comentará como vai evolucionando o desenvolvemento dos programas.

Para poder avaliar os resultados, o mestre/a seguirá o seguinte proceso:

-Observación directa, mediante a cal se pode ir regulando o proceso de ensino - aprendizaxe.

-As anotacións do día a día sobre as actividades realizadas e os comportamentos e actitudes dos alumnos/as nas mesmas.

-Ademais os/as alumnos/as tamén poderán valorar a súa evolución mediante unha plantilla moi sinxela baseada en debuxos, que coa axuda do mestre/a irán riscando no caso do alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria. E desta maneira, ser máis conscientes do seu proceso de aprendizaxe, avaliando de forma sinxela si adquiriron os coñecementos que se traballaron nas diferentes actividades realizadas (*Anexo 4*).

Para o 2º e 3º ciclo de Educación Primaria poderá empregarse o mesmo *Anexo 4* adaptado á idade.

Ademais o seguimento e avaliación dos programas de habilidades e competencias sociais realizaraos o Departamento de Orientación, xunto co PXAD e mínimo trimestralmente (e cando se considere necesario), para saber se os programas van sendo efectivos e coñecer aspectos clave, como:

-por un lado comprobar se os obxectivos previstos se van acadando ou non.

-e por outro lado coñecer a opinión das persoas que participan nos programas, e saber se lles resultou de axuda, se cumpriu as súas expectativas, a experiencia vivida... Isto pódese coñecer mediante entrevistas, postas en común en grupo....

Estos aspectos (e outros que poidan xurdir), trataranse como mínimo nas sesións de avaliación, nas que tamén se comentará como vai evolucionando o programa.

Actividades dos programas de habilidades e competencias sociais

PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS BÁSICAS EN AULA

Expresión e comprensión de emocións

Neste bloque, traballaranse as emocións básicas: alegría, tristeza e enfado.

Actividade 1: Estar contento/alegre

Obxectivo	Expresar e comprender a emoción de alegría / estar contento.
Desenvolvemento	Realizarase unha assemblea con tódolos/as alumnos/as na que se fará unha choiva de ideas sobre o que quere dicir estar contento ou alegre. Os alumnos/as poderán participar libremente contando experiencias e o mestre/a irá guiando a assemblea de modo que todos/as participen nela. Tras realizar a assemblea, proxectaranse na pizarra dixital diversas imaxes de persoas que están contentas e os alumnos/as deberán imitar estas expresións. Por último, cada alumno/a realizará un debuxo dunha persoa que estea contenta e decoraráo posteriormente co material que elixa (ceras, rotuladores, plastilina, etc.).
Materiais	Pizarra dixital, folios, ceras, rotuladores, plastilina, pintura de dedo.

Actividade 2: ¿Cando me poño contento?

Obxectivo	Analizar situacións nas que unha persoa se pon contenta, identificando os motivos que causan esta emoción.
Desenvolvemento	Para esta actividade, os alumnos/as disporán dun caderno das emocións (<i>Anexo 5</i>) no que deben debuxar dúas situacións que lles puxo contentos/as e escribir unha palabra que describa dita situación. Para esta actividade, requirirase da colaboración da familia que deberá falar cos seus fillos/as acerca do que pasou para así poder reflexionar xuntos sobre a situación que provocou esta emoción. Na assemblea contarán as súas experiencias explicando a situación aos seus compañeiros/as, os cales poderán facer preguntas sobre o que están escoitando
Materiais	Caderno proporcionado polo mestre/a, lápices, cores.

Actividade 3: Estar triste

Obxectivo	Expresar e comprender a emoción de tristeza.
Desenvolvemento	Para esta actividade seguirase o mesmo proceso que para a actividade 1 pero cambiando a emoción a traballar, que neste caso é tristeza.
Materiais	Pizarra dixital, folios, ceras, rotuladores, plastilina, pintura de dedo.

Actividade 4: ¿Cando me poño triste?

Obxectivo	Analizar situacións nas que unha persoa se pon triste, identificando os motivos que causan esta emoción.
Desenvolvemento	Para esta actividade seguirase o mesmo proceso que para a actividade 2 pero cambiando a emoción a traballar, que neste caso é tristeza.
Materiais	Caderno proporcionado polo mestre/a, lápices, cores.

Actividade 5: Estar enfadado

Obxectivo	Expresar e comprender a emoción de enfado.
Desenvolvemento	Para esta actividade seguirase o mesmo proceso que para a actividade 1 pero cambiando a emoción a traballar, que neste caso é o enfado.
Materiais	Pizarra dixital, folios, ceras, rotuladores, plastilina, pintura de dedos.

Actividade 6: ¿Cando me enfado?

Obxectivo	Analizar situacións nas que unha persoa se enfada, identificando os motivos que causan esta emoción.
Desenvolvemento	Para esta actividade seguirase o mesmo proceso que para a actividade 2 pero cambiando a emoción a traballar, que neste caso é o enfado.
Materiais	Caderno proporcionado polo mestre/a, lápices, cores.

Habilidades sociais básicas

Actividade 7: Aprendo a escoitar

Obxectivo	Potenciar a escoita activa.
Desenvolvemento	<p>Para esta actividade realizaranse grupos de 5 alumnos/as (segundo os alumnos/as que sexan en total isto pode variar). O mestre/a explicará a actividade poñendo un exemplo con un dos grupos: empezará a contar unha historia sinxela e por quendas (previamente establecidas), os demais deberán continuar esta historia. O tempo de participación debe ser moi curto, tendo en conta a idade dos alumnos/as. O obxectivo que se pretende conseguir é que os alumnos/as estén escoitando de forma activa aos compañeiros/as que están falando, para así poder seguir a historia. Para elo, o mestre/a explicará cómo se deben comportar para poder escoitar aos demais:</p> <ul style="list-style-type: none">-É importante mirar á persoa que está falando.-Para escoitar “hai que abrir moi ben as orellas”, pódese utilizar esta expresión para motivar aos alumnos/as a que escoiten. <p>O mestre/a irá pasando polos diferentes grupos para avaliar mediante a observación directa a participación dos alumnos/as na actividade.</p>
Materiais	Ningún material específico.

Actividade 8: O volume de voz

Obxectivo	Aprender que se pode utilizar un volume diferente de voz dependendo da situación.
Desenvolvemento	<p>Para esta actividade realizarase unha assemblea na que se falará acerca do volume de voz que se pode utilizar nas diferentes situacións. O mestre/a irá realizando preguntas, por exemplo: ¿en que sitios temos que falar baixo? ¿Onde podemos berrar?</p> <p>¿Cando temos que estar en silencio?, etc. Traballarase mediante carteis (<i>Anexo 6</i>):</p> <ul style="list-style-type: none">• O silencio• O susurro• O ton de voz normal, ton de conversación• Os berros <p>Tras falar acerca dos diferentes tonos, poranse en práctica. O mestre/a irá dicindo palabras que os alumnos/as deberán repetir no ton de voz que el/ela diga, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none">• “Vamos a dicir a palabra “agua” susurrando”.• “Vamos a dicir a frase “quero xogar” en ton de voz normal”.• “Vamos a dicir a palabra “pelota”, gritando”. <p>Despois pódese realizar a mesma actividade, pero en vez de ser o mestre/a quen diga as palabras, serán os alumnos/as quen por quendas irán dicindo o que os demais deben dicir. Por último, realizaránse 4 murais atendendo aos tonos de voz traballados e os lugares nos que se poden utilizar e poderán ser colgados na aula.</p>
Materiais	Carteis dos diferentes tonos de voz, papel continuo, rotuladores.

Actividade 9: Aprendo a regular o meu volume de voz

Obxectivo	Poñer en práctica e regular o volume de voz en situacións reais.
Desenvolvemento	<p>Para esta actividade, primeiro farase un breve repaso do que se traballou na actividade anterior. Os alumnos/as deberán ir aos lugares que o mestre/a lles indique e alí falar e manter un ton e volume de voz adecuado.</p> <p>Exemplos de lugares aos que os alumnos/as poderán ir son: biblioteca, ximnasio, patio, aula...</p>
Materiais	Ningún material específico

Normas de cortesía:

Actividade 10: Saúdos e despedidas

Obxectivo	Coñecer en que consiste o saúdo e a despedida e en que situacións se debe poñer en práctica.
Desenvolvemento	<p>Para esta actividade utilizarase a metodoloxía de role-playing. Escenificaranse diferentes situacións nas que os alumnos/as deberán saudar e despedirse no momento adecuado. Algunhas das situacións que se escenificarán son por exemplo: a chegada a un restaurante para comer, ir a comprar o pan, encontrarse a un amigo/a pola rúa, etc.</p> <p>Unha vez rematado o role-playing, realizarase unha asemblea na que os alumnos/as porán en común como poden saudar e despedirse dunha persoa, que palabras ou expresións se poden utilizar. Con esta información realizaranse dous murais que se poderán colocar na porta da aula, e para entrar verase o mural dos saúdos e para saír o das despedidas.</p>
Materiais	Materiais e obxectos relacionados coa escea que se vai a representar, por exemplo: cubertos, alimentos de xoguete, carriño da compra, etc. Ademais, papel continuo e rotuladores gordos de cores.

Actividade 11: Dou as gracias

Obxectivo	Traballar diferentes situacións nas que se deba dar as gracias por algo.
Desenvolvemento	<p>Para traballar esta habilidade utilizarase unha metodoloxía práctica na que os alumnos/as podan dar as gracias a un compañeiro/a por prestarlle algo.</p> <p>Dividirase a clase en 5 grupos nos que cada un será responsable dun material diferente para realizar unha actividade plástica libre. Os alumnos/as poderán utilizar o material que desexen, sempre e cando llo pidan ao compañeiro/a que o ten e lle den as gracias por elo.</p> <p>Nun primeiro momento, o mestre/a limitarase a observar o comportamento dos alumnos/as para despois poder facer unha assemblea e comentar con eles/elas a importancia de dar as gracias cando alguén nos deixa algo. Despois iranse comentando outras situacións nas que se podan dar as gracias e escenificaranse.</p>
Materiais	Folios, rotuladores, ceras, plastilina, pegamento, gomets.

Actividade 12: Pido perdón

Obxectivo	Traballar diferentes situacións nas que se deba pedir perdón.
Desenvolvemento	<p>Esta actividade xirará en torno a un conto infantil: “¿Perdónasme?”. O mestre/a leerá o conto aos alumnos/as dispostos en círculo. Utilizará unha linguaxe corporal esaxerada para que os alumnos/as podan comprender mellor a historia e ademais irá realizando preguntas a medida que le o conto para asegurarse de que o comprenden. Ao finalizar, realizarase un debate acerca do conto, e da acción de pedir perdón, porque é tan importante facelo. Os alumnos/as poderán contar experiencias nas que tivesen que pedir perdón ou alguén lle tivese que pedir perdón a eles/elas. Comentarase as situacións máis típicas nas que unha persoa debe pedir perdón a outra.</p>
Materiais	Moncayo, C. (2015/04/23). Conto: ¿me perdonas? (Archivo de vídeo) https://www.youtube.com/watch?v=SGYULiXsfT4 .

		<p>HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL</p>
		<p>SAUDAR</p>
<p>OBXECTIVO: Que o alumno/a saúde a nenos/as e adultos en situacións apropiadas</p>		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: os saúdos son manifestacións verbais e non verbais nas que se recoñece e se acepta que se ten unha actitude positiva cara á outra persoa.

Introdución: nunha primeira asemblea, o docente fará valorar aos seus alumnos/as a importancia desta habilidade con preguntas do tipo “A quen saudaches hoxe, onde, como,..”

Farase notar como resulta gratificante que nos saúden e á vez como nos molesta que alguén coñecido non o faga cando pasa ao noso lado.

Tamén se dirá que algunhas veces non nos saúdan porque non nos ven ou porque lles dá un pouco de vergonza facelo.

Pasos condutuais:

- Para saudar: Achegarse á outra persoa sorrindo e mirándoa á cara.
- Dicar frases de saúdo como: ¡ Ola!, ¡Bos días!, como estás?
- Utilizar xestos como dar unha palmada, un bico, estreitar a man”
- Mostrar un xesto positivo onde se traslade o sentimento de alegría que nos produce atopar a esa persoa.
- Responder correctamente ao que a outra persoa nos vaia dicindo.

2. MODELADO

O docente, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben, citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Anotar cantas veces ao día saúdas a outros nenos e nenas.
- Anotar de que xeitos o fixeches .
- Tiveches algunha conversa despois do saúdo.
- Crees que a outra persoa se alegrou igual que ti de vervos?

		HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL
SAUDAR		
OBXECTIVO: Que o neno/a saúde a outros nenos/as e adultos en situacións apropiadas.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:



- Polas mañás ao levantarse.
- Ao chegar a casa
- Cando se atopan cos veciños

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- Importancia de saudar para o neno/a e para os outros membros da familia. Por que é importante saudar? Vantaxes de saudar. Inconvintes de non facelo.
- Saúdos segundo as persoas: nenos/as, novos, adultos, anciáns, persoas coñecidas, descoñecidas, que nos caen ben, que nos caen mal, etc.
- Saúdos segundo as situacións: na rúa, no ascensor, na tenda,...

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

- Para saudar: Achegarse á outra persoa sorrindo e mirándoa á cara.
- Dicir frases de saúdo como: ¡ Ola!, ¡Bos días!, como estás?
- Utilizar xestos como dar unha palmada, un bico, estreitar a man”
- Mostrar un xesto positivo onde se traslade o sentimento de alegría que nos produce atopar a esa persoa.
- Responder correctamente ao que a outra persoa nos vaia dicindo.

		HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL
		PRESENTACIÓNS
OBXECTIVO: Que o alumno/a se presente a si mesmo, responda adecuadamente cando se presente e faga presentacións doutras persoas.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUCTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: as presentacións son fórmulas que utilizamos para relacionarnos con outras persoas para coñecernos ou para que se coñezan entre elas.

Introdución: nunha primeira asemblea o mestre/a orientará aos seus alumnos/as poñendo exemplos de situacións reais que se deron en presenza deles como cando se incorpora un alumno/a novo á clase.

Pasos Conductuais:

Para **presentarse** ante outras persoas:

- Mirar ás persoas e saudalas.
- Dicar o teu nome e algún outro dato que che identifique.
- Explicar por que che interesa presentarche a esa persoa, cales son os teus desexos, intencións,..

Para **responder** cando te presentan

- Mirar á outra persoa.
- Iniciar un saúdo.

Para **presentar** a outras persoas que non se coñecen

- Dicar o seu nome e logo o da outra persoa.
- Dicar algo positivo das persoas que presentas e que puidesen ser do interese dos outros.
- Utilizar un xesto amable e cordial.

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo/a para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos para o modelado:

- Un neno/a novo/a na clase ou no barrio onde se vive.
- Unha invitación a un aniversario
- A formación dalgún equipo ou grupo de traballo.

3. ENSAIO CONDUCTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Observar noutras persoas que fan ou como responden nunha presentación.
- No fin de semana presentarse ante outros nenos/as ou adultos anotando a fórmula que se empregou.
- Presentar aos teus pais algún amigo/a que non coñezan.

		HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL
PRESENTACIÓNS		
OBXECTIVO: Que o neno/a se presente a si mesmo, responda adecuadamente cando se presenten e faga presentacións doutras persoas.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- Chegaron uns veciños novos e preséntanse a nós.
- A irmá/n vén a casa cuns amigos e preséntaos.
- Preséntanos a unha amiga/o nova que non coñecemos.

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- Distintos modos de presentación: presentarse a si mesmo ante outras persoas, responder cando nos presentan a alguén e presentar a persoas que non se coñecen entre si.
- Importancia das presentacións xa que adoitan ser condutas previas para iniciar relacións con outras persoas.
- Diferenzas que implican as presentacións segundo as persoas: nenos, xovenes, adultos, e as situacións nas que se presentan: festas, clase, rúa, etc.

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

Para **presentarse** ante outras persoas:



- Mirar ás persoas e saudalas.
- Dicar o teu nome e algún outro dato que te identifique.
- Explicar por que che interesa presentarte a esa persoa, cales son os teus desexos, intencións,..

Para **responder** cando te presentan

- Mirar á outra persoa.
- Iniciar un saúdo.

Para **presentar** a outras persoas que non se coñecen

- Dicar o seu nome e logo o da outra persoa.
- Dicar algo positivo das persoas que presentas e que puidesen ser do interese dos outros.
- Utilizar un xesto amable e cordial.

		<p>HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL</p>
		<p>CORTESÍA E AMABILIDADE</p>
<p>OBXECTIVO: Que o/a alumno exhiba condutas de cortesía e boa educación ao relacionarse con outras persoas.</p>		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: é moi importante ser cortés e educado/a cando nos relacionamos con outras persoas porque nos facemos agradables e a xente quérenos máis.

Introdución: en assemblea o mestre/a fala cos alumnos/as sobre o que entenden que é ser cortés, educado/a ou amable, que fan eles/elas cando queren ser amables, como son as persoas que eles consideran amables; que fan, que din, etc

Pasos condutuais:

Para comportarse con **Cortesía e Amabilidade** hai que:

- 1º. Mirar á outra persoa.
- 2º. Dicar unha frase ou expresión verbal adecuada a cada caso: *gracias! por favor, desculpe; síntoo; perdón.*
- 3º. Acompañar a expresión verbal con xestos e expresión non-verbal apropiada: sorriso, xestos de mans, ton de voz, postura, distancia coa outra persoa, etc.

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para Modelado:

- Estás no patio e cando vas xogando, sen querer chocas con outra nena. Queres pedirlle desculpas.
- Necesitas unha pintura que ti non tes nese momento; quen está ao teu lado sí a ten. Queres pedirlla.
- Cando entras na fila desde o patio, involuntariamente pisas a un mestre/a que é moi serio/a. Queres desculparte.
- Un/unha compañeiro/a axúdache a mover a mesa para poñela nun sitio máis adecuado. Queres agradecerllo.
- Entras no autobús e a parte dianteira está chea de xente; atrás está moi baleiro. Queres pasar atrás.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O docente informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA.

- Observar a outras persoas e elaborar unha lista das frases e expresións amables que utilizaron.
- Pedir as, cousas por favor no comedor do colexio.
- Desculparse, escusarse e pedir permiso a mestres/as nas situacións apropiadas.
- Observar a compañeiros e compañeiras da clase cando mostraron condutas de cortesía; posteriormente haberá que recordar que fixeron, como e cando.

		<p>HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL</p>
<p>CORTESÍA E AMABILIDADE</p>		
<p>OBXECTIVO: Que o neno/a realice condutas de cortesía e boa educación ao relacionarse con outras persoas.</p>		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- Un veciño ábrelle a porta da rúa.
- Tropeza co seu irmán no corredor

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- 👉 Explicarlle a importancia de dar as grazas, dicir síntoo, pedir perdón, pedir desculpas, dicir por favor, pedir permiso.
- 👉 Falar sobre o importante que é ser cortés e amable para o neno/a, os pais e os irmáns.
- 👉 Con que persoas e en que situacións é necesario, conveniente ou aconsellable ser amable e cortés.



PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE

Para comportarse con **Cortesía e Amabilidade** hai que:

1º. Mirar á outra persoa.

2º. Dicir unha frase ou expresión verbal adecuada a cada caso: *gracias! por favor, desculpe; síntoo; perdón.*

3º. Acompañar a expresión verbal con xestos e expresión non-verbal apropiada: sorriso, xestos de mans, ton de voz, postura, distancia coa outra persoa, etc.

		HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL
		DESCULPARSE, PEDIR PERDÓN E PERDOAR
OBXECTIVO: Desenvolver condutas no alumnado que lles permita interactuar socialmente de forma positiva e ter amigos/as. Desenvolver a capacidade de comprender as condutas dos demais e de perdoar, así como de recoñecer os propios erros e pedir perdón.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: é moi importante saber desculparse cando cometemos un erro.

Presentación: na assemblea o mestre/a explicará aos alumnos/as que nas relacións que mantemos cos demais, a veces, sin intención, molestamos, incomodamos... sendo necesario explicarlles o por que da nosa conduta e pedir desculpas. Para elo utilízanse múltiples fórmulas: perdón, foi sin intención, síntoo, eu non quería molestarte, etc.

Explicarlles tamén que en moitas ocasións as persoas que nos rodean fan cousas, que non nos gustan, que nos molestan e incluso a veces que nos causan dor. É importante comprender a estas persoas, aceptar as súas desculpas e en todo caso saber perdoar. Desta forma non teremos sentimentos negativos cara elas nin cara nós. É importante que cando perdoemos o fagamos de verdade, sin resentimentos.

Solicitar aos alumnos/as que describan situacións nas que hai que desculparse e pedir perdón. Que recorden algunha situación na que outros lles pediron perdón.

Pasos condutuais:

Para desculparse hai que:

- 1º. Mirar á outra persoa.
- 2º. Dicar unha frase ou expresión verbal adecuada a cada caso: perdón, síntoo moito, desculpa...
- 3º. Acompañar a expresión verbal con xestos e expresión non-verbal apropiada: sorriso, xestos de mans, tono de voz, postura, distancia coa outra persoa, etc.

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para Modelado:

- “Estou no autobús e xa chego á miña parada, pero para salir do asento teño que pedir permiso a un señor que está sentado ao meu lado, míroo e dígolle: Perdoe, teño que baixarme nesta parada, o señor levantouse e deixoume pasar; mírolle e dígolle ¡gracias!. El respondeume, ¡de nada!”.

- Vas andando polo pasillo e sin querer chocas con outro mestre/a. Pídeslle perdón.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade. Exemplos:

- Cando entras na fila, dende o patio, involuntariamente pisar a un mestre que é moi serio. Queres desculparte.
- Estás no patio e cando vas xogando, sin querer chocas con unha nena. Queres pedirlle desculpas.
- Estás en clase facendo o traballo persoal e das un codazo ao compañeiro/a de mesa que estaba escribindo. Queres pedirlle perdón.



4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fixeran ben, aínda que sexa sólo haberse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS: para xeneralizar o aprendido a momentos diferentes.

Para casa

- Pedir as, cousas por favor no comedor do colexio ou en distintos momentos na casa.
- Cada vez que papá/mamá che berren, desculparse.

		HABILIDADES BÁSICAS DE INTERACCIÓN SOCIAL
DESCULPARSE, PEDIR PERDÓN E PERDOAR		
OBXECTIVO: Desenvolver condutas no alumnado que lles permita interactuar socialmente de forma positiva e ter amigos/as. Desenvolver a capacidade de comprender as condutas dos demais e de perdoar, así como de recoñecer os propios erros e pedir perdón.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A

- 👉 Explicarlle a importancia de dicir síntoo, pedir perdón, pedir desculpas, dicir por favor, pedir permiso.
- 👉 Falar sobre o importante que é ser amabale para o neno/a, pais e irmáns.
- 👉 Con que persoas e en que situacións é necesario, conveniente ou aconsellable saber desculparse.

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:



É importante explicar aos nenos/as, que en moitas ocasións as persoas facemos cousas que non gustan a outras persoas que nos rodean, ou que lles molestan e incluso a veces que causan dor e que pode pasarnos o mesmo a nós, cando alguén fai algo que non nos gusta, moléstanos ou causanos dor. Por iso é importante ensinar ao neno/a a pedir desculpas e a comprender a outras persoas, aceptar as súas desculpas e en todo caso saber perdoar. Desta maneira non teremos sentimentos negativos cara elas, nin cara nós. É importante que cando perdoemos o fagamos de verdade, sin resentimentos.

Solicitar aos nenos/as que nos describan situacións nas que hai que desculparse e pedir perdón. Que recorden algunha situación na que outros lles pediron perdón.

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE

Para desculparse hai que:

- 1º. Mirar a outra persoa.
- 2º. Dicir unha frase ou expresión verbal adecuada a cada caso: perdón, síntoo moito, desculpa...
- 3º. Acompañar a expresión verbal con xestos e expresión non-verbal apropiada: sorrisa, xestos de mans, ton de voz, postura, distancia coa outra persoa, etc.

		HABILIDADES CONVERSACIONAIS
		INICIAR, MANTER e TERMINAR CONVERSAS
OBXECTIVO: Que o alumno saiba iniciar, manter e terminar conversas con outros nenos de forma adecuada e cordial.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: as habilidades conversacionais son o soporte fundamental das interaccións con outras persoas, para que estas sexan efectivas. Por medio da expresión verbal expresamos os nosos sentimentos, negociamos un conflito, interactuamos co outro. Na infancia, a conversación, non é só un medio esencial de participación, senón de aprendizaxe.

Introdución: O diálogo na asemblea diríxese cara á importancia de conversar adecuadamente con outros. O profesor preguntará aos alumnos sobre como se inicia unha conversación, o que facemos para iniciala, para mantela e para terminala.

Pasos condutuais:

Para **iniciar unha conversa** hai que facer as seguintes cousas:

1. Decidir e elixir a persoa coa que se vai a falar, o momento e o lugar adecuado e o tema de conversa.
2. Achegarse á outra persoa e dirixirse a ela de forma correcta: mirala, sorrir, saudar, presentarse (si é descoñecida).
3. Utilizar unha conduta verbal e non verbal (xestual, corporal) axustada coa mensaxe ou tema que queremos transmitir.

Para **manter a conversa** (unha vez iniciada):

4. Recibir e comprender o que di o outro:
 - a) escoitar o que che di:
 - prestarlle atención
 - dar sinais de escoita activa: “sí,sí,...” movementos afirmativos de cabeza, parafrasear,..
 - b) escoitar como cho di
 - sentimentos e emocións do outro, como se sinte?
 - identificar indicios para continuar a conversación, cambiar de tema ou cortar.
 - c) facer preguntas si non se entende algo
5. Responder ao que che di o outro e expresar o que ti pensas e sintes.
6. Formas de manter a conversación:
 - por quendas: falar, escoitar, preguntar, explicar,...
 - facendo todo o posible por sentirvos a gusto os dous: sorrir, cordialidade, ton amistoso,...

- Cambiar de tema cando se considere oportuno (por aburrimiento, delicadeza, repetición,..)

Para **terminar a conversa:**

7. Expoñer á outra persoa que tes que terminar a conversa (dar razóns). Escusarse.
8. Si se estima así, dicir á outra persoa que gozastes coa conversa. Comunicarlle que vos gustaría volver a falar con ela, si pode.
9. Despedirse

Para **responder a outro compañeiro/a que quere falar connosco** hai que:

- ... responder ao saúdo
- ... responder á iniciación que a outra persoa nos fai
- ... desculparse si non se pode ou non se quere conversar
- ... agradecerlle a súa invitación a falar

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos:

Chegou un compañeiro/a novo a clase logo das vacacións de Nadal e queres falar con el/ela.

Tes un problema e queres falar cunha amiga para que che de a súa opinión.

Un compañeiro/a esta aburrido/a coa conversa que ten coas súas amigas porque non lle interesa moito, quere cortar e propoñer un xogo

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só haberse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Observar, con discreción, os xestos e o que fan dúas persoas que manteñen unha conversa, comprobar as diferentes condutas cando se fala e cando se escoita.
- Terminar conversas: cun neno/a co que non queres falar e unha conversación agradable.

		HABILIDADES CONVERSACIONAIS
		INICIAR, MANTER e TERMINAR CONVERSAS
OBXECTIVO: Que o neno/a saiba iniciar, manter e terminar conversas con outros nenos/as de forma adecuada e cordial.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO:

- está no parque e quere falar con outro neno/a
- veñen a casa uns amigos do irmán
- falades na casa dalgún tema familiar que vos preocupa
- está falando coa súa irmá e é a hora de ir ao colexio
- está falando con alguén e estase aburrindo

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- importancia de saber conversar e facelo adecuadamente.
- saber escoitar o que nos din as outras persoas.
- importancia de utilizar frases, palabras ou xestos adecuados, cordiais e amables, ao comezo, durante e ao final dunha conversación.

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

Para **iniciar unha conversa** hai que facer as seguintes cousas:

1. Decidir e elixir a persoa coa que se vai a falar, o momento e o lugar adecuado e o tema de conversa.
2. Achegarse á outra persoa e dirixirse a ela de forma correcta: mirala, sorrir, saudar, presentarse (si é descoñecida).
3. Utilizar unha conduta verbal e non verbal (xestual, corporal) axustada coa mensaxe ou tema que queremos transmitir.

Para **manter a conversación** (unha vez iniciada):

4. Recibir e comprender o que di o outro:
 - a) Escoitar o que che di:
 - prestarlle atención
 - dar sinais de escoita activa: “si, si,... mover a cabeza, repetir o último.
 - b) Escoitar como cho di
 - sentimentos e emocións do outro, como se sinte?
 - identificar indicios para continuar a conversa, cambiar de tema ou cortar.
 - c) facer preguntas si non se entende algo
5. Responder ao que che di o outro e expresar o que ti pensas e sintes.

6. Formas de mantemento da conversa:


- por quendas: falar, escoitar, preguntar, explicar,...
- facendo todo o posible por sentirvos a gusto os dous: sorrir, cordialidade, ton amistoso,...
- cambiar de tema cando se considere oportuno (por aburrimiento, delicadeza, repetición,..)

Para **terminar a conversa**:

7. Expoñer á outra persoa que tes que terminar a conversa (dar razóns). Escusarse.
8. Si se estima así, dicir á outra persoa que gozastes coa conversa. Comunicarlle que vos gustaría volver falar con ela, si pode.
9. Despedirse

Para **responder a outro compañeiro/a que quere falar connosco** hai que:

- ... responder ao saúdo
- ... responder á iniciación que o outro neno/a nos fai
- ... desculparse si non se pode ou non se quere conversar
- ... agradecerlle a súa invitación a falar

	HABILIDADES CONVERSACIONAIS
	CONVERSAS DE GRUPO
OBXECTIVO: Que o alumno/a participe adecuadamente en conversas de grupo.	

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: aprender a conversar en grupo é imprescindible no contexto escolar. É necesario dialogar cos alumnos/as sobre os pasos adecuados para adquirir esta habilidade.

Introdución: en assemblea, faise ver a necesidade e a importancia de establecer uns criterios para participar na conversa do grupo, pídense exemplos de como creen que hai que facer, outros de facerlles ver o que fai cada un cando interveñen na conversa grupal, etc.

Pasos conceptuais:

Para **participar nunha conversa de grupo** é necesario:

1. Escotar o que se di. Isto implica:
 - escoitar atentamente sen interromper
 - tolerar e respectar as ideas dos outros. Escotar as ideas e opinións aínda que non se compartan

2. Intervir na conversa. Isto supón:
 - Expoñer correctamente as propias ideas e opinións:
 - Ser breve, claro, conciso, non repetirse nin enrollarse
 - Facer comentarios e observacións relevantes sobre o tema
 - Utilizar unha linguaxe corporal acorde (ton de voz, contacto ocular)
 - Manifestar acordo ou desacordo de modo amistoso e cordial

 - Intervir no momento adecuado, é dicir cando che deron a quenda de palabra e cando vén a conto polo desenvolvemento da conversación.

3. Respectar as normas establecidas polo grupo, por exemplo: levantar a man para pedir a palabra, respectar a quenda, ser breve, etc.

2. MODELADO

O meste/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos para o modelado:

- debater un feito ocorrido en clase ou no colexio.
- falar sobre un tema de actualidade

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Facer unha lista de situacións nas que participaches ultimamente en conversas de grupo fóra do colexio.
- Participar durante a fin de semana nunha conversa de grupo
- Observar na televisión un debate ou discusión e recordar ou anotar o que se fixo adecuadamente e o que non foi adecuado segundo os pasos dados.

		<p>HABILIDADES CONVERSACIONAIS</p>
		<p>CONVERSAS DE GRUPO</p>
<p>OBXECTIVO: Que o neno/a participe adecuadamente en conversas de grupo.</p>		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- cando se reúne con outros nenos/as
- nunha reunión familiar

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- unha conversa de grupo, é unha conversa na que interveñen varias persoas.
- comentar e practicar nas conversas que se teñen en casa entre a familia, as normas de participación nunha conversa de grupo: levantar a man para falar, respectar a quenda, non repetir, ser breve, etc

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

Para **participar nunha conversa de grupo** é necesario:

1. escoitar o que se di. Isto implica:

- escoitar atentamente sen interromper
- tolerar e respectar as ideas dos outros. escoitar as ideas e opinións aínda que non se compartan

2. Intervir na conversación. Isto supón:

- Expoñer correctamente as propias ideas e opinións:
 - Ser breve, claro, conciso, non repetirse nin enrollarse
 - Facer comentarios e observacións relevantes sobre o tema
 - Utilizar unha linguaxe corporal acorde (ton de voz, contacto ocular)
 - Manifestar acordo ou desacordo de modo amistoso e cordial
- Intervir no momento adecuado, é dicir cando che deron a quenda de palabra e cando vén a conto polo desenvolvemento da conversa.

3. Respectar as normas establecidas polo grupo, por exemplo: levantar a man para pedir a palabra, respectar a quenda, ser breve, etc.

		HABILIDADES PARA FACER AMIGOS/AS
		INICIAR UNHA RELACIÓN UNIRSE AO XOGO CON OUTROS
OBXECTIVO: Que o alumno/a inicie interaccións de xogo, conversa ou actividade con outros nenos/as.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: esta habilidade é moi importante para os nenos/as xa que lles permitirá relacionarse con outras persoas, coñecer xente e facer amigos e amigas. Si un neno/a sabe como establecer contacto, como iniciar interaccións, non se aburre, pode xogar cos demais e pode aprender cousas deles/delas.

Introdución: nunha primeira asemblea o mestre/a fai ver aos alumnos/as a importancia de empezar unha relación con outra persoa, o ben que se pasa xuntos, o que se aprende xuntos, etc e o importante que é para iniciar unha relación non quedarse quedo sen dicir nada, sendo mellor, dirixirse aos outros nenos/as e dicirlles o que queremos, aínda que custe ao principio. Si non lles dicimos o que queremos, eles non o poderán adiviñar.

Pasos condutuais:

Para **iniciar** unha relación ou **unirnos ao xogo doutros:**

1. Decidir con que nenos/as ou grupo de nenos/as queres falar, xogar ou facer algo.
2. Elixir o momento e o lugar adecuado. Achegarse, observar.
3. Achegarse, mirar e sorrir.
4. Dicir algo que axude a iniciar o contacto:
 - un saúdo: ¡ola!
 - unha presentación: chámome....
 - para entrar en conversación: como te chamas, onde vives, es novo, ,...
 - facer unha invitación: queres xogar comigo? Queres ver este libro que teño?
5. Unha vez que se entrou no xogo, a conversa, etc, hai que contestar e responder adecuadamente, participar correctamente. Ao principio é conveniente imitar o que fan os outros, non propoñer cambios bruscos.
6. Dicir algo agradable e agradecer que nos deixaron participar.
7. Si non nos responden ou nos dan unha negativa, podemos:
 - .. estar tranquilos/as, buscar outra estratexia, insistir pero sen molestar, buscar a outras persoas.

Si **outro neno/a quere unirse ao noso xogo:**

1. Aceptámoslle cordialmente a súa entrada (si vos parece ben) e dicímoslle: ¡Vale! ¡Por suposto!
2. Si polo que sexa non queremos que entre, expresámolo de modo cordial dando as razóns da negativa e desculpándose: síntoo o xogo xa empezou” “non queremos que xogues porque nos rompes os xoguetes”

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- No recreo empezar a falar con outros nenos/as doutras clases e unirse ao xogo con eles/elas.
- Observar a nenos/as que xogan e ver que fan cando outro neno/a quere entrar no seu xogo.
- No fin de semana practicar no parque con outros nenos/as.

		<p>HABILIDADES PARA FACER AMIGOS/AS</p>
		<p>INICIAR UNHA RELACIÓN UNIRSE AO XOGO CON OUTROS</p>
<p>OBXECTIVO: Que o neno/a inicie interaccións de xogo, conversa ou actividade con outros nenos/as.</p>		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- O voso fillo/a está aburrido/a e quere xogar con alguén
- Baixamos ao parque e hai uns nenos/as xogando. O voso fillo/a quere xogar con eles/elas
- Veñen a casa uns amigos/as do irmán e quere unirse aos seus xogos

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- Comentar por que é importante para o neno/a iniciar unha conversa, xogo ou outra actividade con outros nenos/as. As vantaxes que ten para eles (estar máis divertidos, compartir cousas, pasalo ben) e tamén que eles deixen que outros nenos/as participen nos seus xogos.
- Cando e con quen é importante poñer en práctica esta habilidade.
- A importancia de pedir a outros correctamente que nos deixen xogar con eles/elas xa que así será máis probable que acepten a nosa entrada.



PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

Para **iniciar** unha relación ou **unirnos ao xogo doutros**:

1. Decidir con que nenos/as ou grupo de nenos/as queres falar, xogar ou facer algo.
2. Elixir o momento e o lugar adecuado. Achegarse, observar.
3. Achegarse, mirar e sorrir.
4. Dicar algo que axude a iniciar o contacto:
 - un saúdo: ¡ola!
 - unha presentación: chámome....
 - para entrar en conversación: como te chamas, onde vives, es novo, ,...
 - facer unha invitación: queres xogar comigo? Queres ver este libro que teño?
5. Unha vez que se entrou no xogo, a conversa, etc, hai que contestar e responder adecuadamente, participar correctamente. Ao principio é conveniente imitar o que fan os outros, non propoñer cambios bruscos.
6. Dicar algo agradable e agradecer que nos deixaron participar.
7. Si non nos responden ou nos dan unha negativa, podemos:
 - .. estar tranquilos/as, buscar outra estratexia, insistir pero sen molestar, buscar a outras persoas.

Si outro neno/a quere unirse ao noso xogo:

- Aceptámoslle cordialmente a súa entrada (si vos parece ben) e dicímoslle: ¡Vale!
¡Por suposto!
- Si polo que sexa non queremos que entre, expresámolo de modo cordial dando as razóns da negativa e desculpándose: séntoo o xogo xa empezou” “non queremos que xogues porque nos rompes os xoguetes”

		HABILIDADES PARA FACER AMIGOS/AS
		COOPERAR E COMPARTIR
OBXECTIVO: Que o alumno/a cando se relacione con outros nenos, coopere con eles e comparta as súas cousas.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: na relación con outras persoas é necesario poñer en xogo unha serie de condutas e habilidades de cooperación e de compartir. A relación cos demais supón reciprocidade, intercambio, colaboración e cooperación para a realización dunha actividade común. Compartir supón dar do noso, poñer a disposición dos demais, prestar, saber deixar e recibir.

Introdución: na conversa cos alumnos/as pedirémoslles exemplos de actividades que realizaron de forma cooperativa, traballos cooperativos, condutas de compartir, que é o que máis lles custa compartir cos demais etc.

Pasos condutuais:

Para **Cooperar e Compartir** con outros nenos/as hai que facer moitas cousas entre as que sinalamos:

- Participar activamente na actividade facilitando o seu desenvolvemento. Por exemplo: ofrecer suxestións para realizar a actividade, aceptar as suxestións e peticións dos outros, aportar ideas novas para mellorar a actividade, secundar iniciativas dos outros, etc.
- Pedir axuda e ser sensible ás necesidades dos outros. Ofrecer apoio, axuda e responder ás necesidades e peticións de axuda dos outros.
- Seguir as normas que se estableceron
- Participar cun ton amistoso, cordial, positivo de forma que o contacto chegue a ser agradable e mutuamente satisfactorio e tódolos participantes gocen da relación.
- Ser bo gañador/a ou perdedor/a (aceptar a derrota, felicitar ao gañador/a)
- Ofrecer e prestar os teus obxectos persoais aos outros.
- Utilizar adecuadamente e coidar os obxectos persoais que che prestan os demais.

Cando falemos de prestar algo aos demais destacaranse as actitudes de:

- facelo de boa gana (hoxe por ti mañá por min)
- explicar á outra persoa o modo de utilización do obxecto prestado (se procede) e cando o ten que devolver.

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos:

A un compañeiro/a esqueceulle o estoxo e necesita pinturas
Deixas prestada a bicicleta a un amigo/a

Estás facendo un puzzle con outros/as nenos/as. Pos a peza cando che toca
Hai que poñerse de acordo para colocar a clase por recunchos

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Observar a outros nenos/as que cooperan e comparten xogos ou actividades. Facer o mesmo pero con adultos.
- Na fin de semana compartir obxectos persoais, propina ou xoguetes con outros nenos/as.
- No traballo de clase cooperar con outros compañeiros/as.

		<p>HABILIDADES PARA FACER AMIGOS/AS</p>
		<p>COOPERAR E COMPARTIR</p>
<p>OBXECTIVO: Que o neno/a cando se relacione con outros nenos, coopere con eles e comparta as súas cousas.</p>		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- O seu irmán pídelle as golosinas que el/ela ten
- Ten que facer as tarefas que lle asignáchedes da casa
- Preparades unha festa e o neno/a ten que participar

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:



- Cooperar implica e supón a colaboración de e con outras persoas para a realización dunha actividade común.
- Compartir implica principalmente: ofrecer ou dar un obxecto a outro neno/a, utilizar conxunta e coordinadamente un obxecto, prestar as súas cousas aos outros e pedir prestado a outros.
- Os nenos/as que cooperan e comparten cos outros, fanse agradables e amistosos e son moi ben aceptados polos demais.

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

Para **Cooperar e Compartir** con outros nenos/as hai que facer moitas cousas entre as que sinalamos:

- Participar activamente na actividade facilitando o seu desenvolvemento. Por exemplo: ofrecer suxestións para realizar a actividade, aceptar as suxestións e peticións dos outros, aportar ideas novas para mellorar a actividade, secundar iniciativas dos outros, etc.
- Pedir axuda e ser sensible ás necesidades dos outros. Ofrecer apoio, axuda e responder ás necesidades e peticións de axuda dos outros.
- Seguir as normas que se estableceron
- Participar cun ton amistoso, cordial, positivo de forma que o contacto chegue a ser agradable e mutuamente satisfactorio e tódolos participantes gocen da relación.
- Ser bo gañador ou perdedor (aceptar a derrota, felicitar ao gañador)
- Ofrecer e prestar os teus obxectos persoais aos outros.
- Utilizar adecuadamente e coidar os obxectos persoais que che prestan os demais.

HABILIDADES RELACIONADAS COS SENTIMENTOS, EMOCIÓNS E OPINIÓNS

 	<p>COÑECERSE A SI MESMO</p>
	<p>AUTOCOÑECIMENTO</p>
<p>OBXECTIVO: Que o alumno/a tome conciencia de quen, que sinte e cómo expresa as súas emocións.</p>	

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE



Xustificación: o neno/a que se coñece a si mesmo ten a capacidade de observarse por dentro e por fora, o que sinte e o que fai; utiliza as súas preferencias para guiar a toma de decisións e vai descubrindo as súas capacidades e limitacións.



Presentación: na assemblea de aula o mestre/a charla cos alumnos/as sobre a importancia de coñecernos ben; por dentro e por fora (física e psicolóxicamente)

O autoconhecimento é necesario para:

- ☞ Ter un concepto claro de si mesmo
- ☞ Valorarse como ser único
- ☞ Saber o que se sinte en cada momento
- ☞ Utilizar o corpo para expresar sentimentos e emocións
- ☞ Ter confianza nas propias capacidades e cualidades
- ☞ Respetar as cualidades dos demais
- ☞ Expresar necesidades e desexos
- ☞ Recoñecer os propios gustos e preferencias
- ☞ Tomar decisións
- ☞ Saber o que fai un mellor e peor
- ☞ Coñecer aos demais

Recoméndase para traballar o autoconhecimento do alumnado, máis que o modelado, Role - playing, etc , por parte do mestre/a, a realización de tarefas concretas dos alumnos/as, ben a través de fichas ou a través de xogos de coñecemento

 	<p>COÑECERSE A SI MESMO</p>
	<p>AUTOCOÑECIMENTO</p>
<p>NON LEVA FICHA DE CASA</p>	

		<p style="text-align: center;">COÑECERSE A SI MESMO</p>
		<p style="text-align: center;">AUTOAFIRMACIÓN POSITIVAS</p>
<p>OBXECTIVO: Que o alumno/a se diga a si mesmo e exprese ante os demais afirmacións positivas sobre si mesmo en situacións apropiadas.</p>		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: dicir cousas positivas de nós mesmos é moi importante porque fai que nos sintamos ben, nos valoraremos e nos demos ánimos a nós mesmos. Si estas cousas llas dicimos aos demais, valoraránnos e faránnos sentir seguros con confianza para emprender cousas novas cun enfoque agradable sobre o que se emprende e o que xa se logrou xa que constrúe a confianza nun mesmo/a e favorece a autoestima.

Dicir cousas negativas impídenos ver realmente como somos e bloquéanos para emprender novas cousas con confianza en que o logremos.

Introdución: en assemblea, o mestre/a orientará aos alumnos/as sobre a aplicación desta habilidade na súa vida, poñerá exemplos de autoafirmacións positivas e negativas para que vaian discriminando entre elas como:

- Diste a ti mesmo/a algunha vez cousas bonitas de ti mesmo/a?
- Que cousas te dis?
- Como te sintes?
- Diste cousas como “que ben o fago, “esfórzome moito e logreino”
- Diste cousas como “son un desastre, “xa volvín a meter a pata” “fágo fatal”
- Disllas algunha vez a outras persoas?
- Que te dis?
- Como te sintes?

Pasos Condutuais:

Para facer autoafirmacións positivas ante outras persoas hai que::

- 1º. Determinar si é o momento e lugar adecuados para dicir algo positivo sobre un mesmo.
- 2º. Dicir unha frase ou expresión verbal que afirme algo agradable dun mesmo (p. ex. son moi traballador/a).
- 3º. Utilizar unha linguaxe corporal e comunicación non verbal acorde á expresión verbal (expresión de cara agradable, voz firme e cordial –non chuleo-, contacto ocular).
- 4º. Ser sinceros, honestos e xustos nas cousas positivas que dicimos.

Para **aumentar as veces en que un se di a si mesmo cousas positivas** (e polo tanto reducir as cousas negativas e desagradables que un se di), o que se pode facer é:

- Facer unha lista coas cousas positivas que sabemos que temos.
- Ler a lista frecuentemente.
- Aumentala con cousas novas cada día .
- Interromper os pensamentos negativos sobre un mesmo.

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Mandar que os alumnos/as fagan unha lista con 5 cousas positivas dun mesmo.
- Poñer a lista nun sitio visible da súa habitación.
- Lela varias veces ao día.
- Incrementala coas cousas que se lles vaian ocorrendo.
- Traela ao colexio para ler na seguinte assemblea.

		COÑECERSE A SI MESMO
		AUTOAFIRMACIÓN POSITIVAS
OBXECTIVO: Que o neno/a se diga a si mesmo e exprese ante os demais afirmacións positivas sobre si mesmo en situacións apropiadas.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- conseguiu algunha cousa logo de esforzarse
- vai iniciar algo que é difícil e debe dicirse as cousas positivas que ten para motivarse.

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- Facer autoafirmacións positivas significa dicir cousas positivas, agradables e bonitas de nós mesmos. A afirmacións positivas poden dicirse a un mesmo e aos demais.
- Conceptos polos que se poden dicir algo positivo: logros e melloras persoais, traballo, rendemento, esforzo, comportamento en xeral, relación con outras persoas, etc.
- Dicirnos e afirmar cousas positivas é moi importante porque fai que nos sintamos ben, nos valoraremos e nos demos ánimos a nós mesmos. Si estas cousas llas dicimos aos demais, valoraránnos e faránnos sentir seguros con confianza para emprender cousas novas cun enfoque agradable sobre o que se emprende e o que xa se logrou xa que constrúe a confianza nun mesmo e favorece a autoestima.
- Dicir cousas negativas impídenos ver realmente como somos e bloquéanos para emprender novas cousas con confianza en que o lograremos.
- É de gran importancia que na familia se expresen autoafirmacións positivas.



PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

Para facer autoafirmacións positivas ante outras persoas hai que:

- 1º. Determinar si é o momento e lugar adecuados para dicir algo positivo sobre un mesmo.
- 2º. Dicir unha frase ou expresión verbal que afirme algo agradable dun mesmo (p. ex. son moi traballador/a).
- 3º. Utilizar linguaxe corporal e comunicación non verbal acorde á expresión verbal (expresión de face agradable, voz firme e cordial –non chuleo- , contacto ocular).
- 4º. Ser sinceros, honestos e xustos nas cousas positivas que dicimos.

Para **aumentar as veces en que un se di a si mesmo cousas positivas** (e polo tanto reducir as cousas negativas e desagradables que un se di), o que se pode facer é:

- Facer unha lista coas cousas positivas que sabemos que temos.
- Ler a lista frecuentemente.
- Aumentala con cousas novas cada día .
- Interromper os pensamentos negativos sobre un mesmo

		COÑECERSE A SI MESMO
		DEFENDER OS PROPIOS DEREITOS
OBXECTIVO: Que o alumno/a defenda os seus dereitos adecuadamente nas situacións en que non son respectados.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: a defensa dos propios dereitos inclúe habilidades como: dar unha negativa e dicir non a outras persoas, facer e responder a queixas e reclamacións, facer peticións ou rogos e pedir que outras persoas cambien a súa conduta.

O neno/a que non sabe defender os seus dereitos, resultará avasallado e ameazado e os demais non lle respectarán.

O neno/a que sistematicamente adopta posturas de pasividade e inhibición cando os seus dereitos son violados, atoparase descontento e valorarase pouco; os outros se aproveitarán del e tratarano inxustamente.

O neno/a que defende e fai valer os seus dereitos, valórase a si mesmo e fai que os demais o valoren máis, o teñan en conta e respecten os seus desexos e os seus gustos.

A defensa dos nosos dereitos implica respectar os dereitos dos demais.

Importancia de responder adecuadamente ante a defensa que as outras persoas fan dos seus dereitos.

Introdución: en assemblea falar cos alumnos/as sobre os puntos anteriores.

Pasos condutuais:

Para **defender os propios dereitos** é necesario:

1. Coñecer os teus dereitos
2. Darse conta de que nesa situación non te están respectando
3. Comunicar á outra persoa que queres que se respecten os teus dereitos: é dicir, hai que dar unha negativa, expresar unha queixa, para iso, é necesario:

- .. buscar o momento e o lugar adecuado
- .. utilizar expresión verbal correcta: expresión directa, clara e sen reviravoltas
- .. utilizar linguaxe corporal seguro: voz firme e tranquila, contacto ocular, distancia próxima ao interlocutor.

4. Pedir un cambio na súa conduta: facer suxestións ou peticións para que a outra persoa actúe de forma que respecte os teus dereitos.

5. Agradecer á outra persoa que te escoitara.

Para **responder á defensa dos dereitos** que fan os demais:

1. Escoitar con atención e interese o que di a outra persoa
2. Poñerse no seu lugar e comprender o seu punto de vista.
3. Controlar o enfado e/ou a sensación desagradable que nos produce escoitar o

que nos di a outra persoa.

4. Actuar en consecuencia:

- ceder si é necesario e facelo de bo grado
- negarse si non é oportuno o que nos pide a outra persoa

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

É importante que o mestre/a modele expresións que se poden utilizar nestas situacións:

“perdoa, pero agora non podo ir...”

“síntoo, hoxe non podoo...”

“importaría che deixar de; estasme molestando. Gracias”

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK



O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Defender as túas opinións
- Peticións aos adultos
- Realizar unha queixa

DEREITOS ASERTIVOS

1. Tes dereito a ser xuíz das túas propias emocións, pensamento e comportamento así como da execución e consecuencias do que sintes, pensas e fas.
2. Non tes que dar escusas a todo o mundo polo que fas.
3. Si as cousas van mal, non é necesariamente por culpa túa.
4. Podes cambiar de opinión si te sintes incómodo.
5. Cando cometes un erro podes admitilo sen avergoñate.
6. Non tes obrigación de sabelo todo, podes dicir non o sei sen sentirte mal.
7. Non tes por que ser amigo de todos/as, nin ten por que gustar che o que todo o mundo fai
8. Non tes por que demostrar a ninguén que tes razón
9. Non tes que entendela todo e podes dicir non o entendo sen sentirte mal.
10. Non é necesario que sexas perfecto/a, e non tes por que sentirte mal cando eres simplemente ti.

		<p style="text-align: center;">COÑECERSE A SI MESMO</p>
		<p style="text-align: center;">DEFENDER OS PROPIOS DEREITOS</p>
<p>OBXECTIVO: Que neno/a defenda os seus dereitos adecuadamente nas situacións en que non son respectados.</p>		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- Ten que negarse a algo que lle pide o seu irmán
- Na rúa outro neno/a avasállao

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- A defensa dos propios dereitos inclúe habilidades como: dar unha negativa e dicir non a outras persoas, facer e responder a queixas e reclamacións, facer peticións ou rogos e pedir que outras persoas cambien a súa conduta.
- O neno/a que non sabe defender os seus dereitos, resultará avasallado e ameazado e os demais non o respectarán.
- O neno/a que sistematicamente adopta posturas de pasividade e inhibición cando os seus dereitos son violados, atoparase descontento e valorarase pouco; os outros se aproveitarán del e tratarano inxustamente.
- O neno/a que defende e fai valer os seus dereitos, valórase a si mesmo e fai que os demais o valoren máis, o teñan en conta e respecten os seus desexos e os seus gustos.
- A defensa dos nosos dereitos implica respectar os dereitos dos demais.
- Importancia de responder adecuadamente ante a defensa que as outras persoas fan dos seus dereitos.

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE:

Para **defender os propios dereitos** é necesario:

1. Coñecer os teus dereitos
2. Darse conta de que nesa situación non te están respectando
3. Comunicar á outra persoa que queres que se respecten os teus dereitos: é dicir, hai que dar unha negativa, expresar unha queixa, para iso, é necesario:
 - .. buscar o momento e o lugar adecuado
 - .. utilizar expresión verbal correcta: expresión directa, clara e sen reviravoltas
 - .. utilizar linguaxe corporal seguro: voz firme e tranquila, contacto ocular, distancia próxima ao interlocutor.
4. Pedir un cambio na súa conduta: facer suxestións ou peticións para que a outra persoa actúe de forma que respecte os teus dereitos.
5. Agradecer á outra persoa que te escoitara.

Para **responder á defensa dos dereitos** que fan os demais:

6. escoitar con atención e interese o que di a outra persoa
7. Poñerse no seu lugar e comprender o seu punto de vista.
8. Controlar o enfado e/ou a sensación desagradable que nos produce escoitar o que nos di a outra persoa.
9. Actuar en consecuencia:
 - ceder si é necesario e facelo de bo grado
 - negarse si non é oportuno o que nos pide a outra persoa

DEREITOS ASERTIVOS

1. Tes dereito a ser xuíz das túas propias emocións, pensamento e comportamento así como da execución e consecuencias do que sintes, pensas e fas.
2. Non tes que dar excusas a todo o mundo polo que fas.
3. Si as cousas van mal, non é necesariamente por culpa túa.
4. Podes cambiar de opinión si te sintes incómodo.
5. Cando cometes un erro podes admitilo sen avergoñarte.
6. Non tes obrigación de sabelo todo, podes dicir non o sei sen sentirte mal.
7. Non tes por que ser amigo/a de todos/as, nin ten por que gustarache o que todo o mundo fai
8. Non tes por que demostrar a ninguén que tes razón
9. Non tes que entendela todo e podes dicir non o entendo sen sentirte mal.
10. Non é necesario que sexas perfecto/a, e non tes por que sentirte mal cando eres simplemente ti.

	COÑECERSE A SI MESMO
	DICIR NON
OBXECTIVO: Que o alumno/a sexa capaz de dar unha negativa ás peticións dos demais de maneira non punitiva e diplomática.	

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: aprender a rechazar peticións de maneira adecuada e poder así obter un maior control nas interaccións sociais e que os demais sepan cales son os teus sentimentos.

Presentación: en assemblea o mestre/a explicará aos alumnos/as que a veces ocorre que fannos peticións que, por múltiples motivos, non podemos complacer, pero por outro lado non queremos disgustar, enfadar ás persoas ás que lles damos unha negativa. Por esta razón deberíamos usar fórmulas que fixeran ver que non hai nada persoal nas nosas condutas, só que rechazamos algunhas peticións porque temos motivos para elo. É dicir, en ocasións por diversas circunstancias, non queremos facer, dicir, dar unha cousa, etc que nos piden. Entonces debemos negarnos, debemos saber dicir non con moito tacto para non ferir os sentimentos das persoas ás que damos unha negativa.

¿Quen se negou a unha petición que lle fixo un compañeiro/a? ¿que che pediu? ¿por que te negaches?, ¿que lle dixeches? ¿que che dixo el? ¿cómo te sentiches? ¿cómo cres que se sentiu a outra persoa?

¿Que pasará si ti non sabes negarte ás peticións que che fan os demais? ¿si tes que estar facendo un traballo moi custoso que che pediu un compañeiro/a que lle fagas “porque a ti se che da moi ben ese traballo”, pero a ti non che apetece facelo? ¿cómo te sentirás si non lle dis NON?

¿Quen pon un exemplo dunha situación na que non quería realizar unha petición e o fixo? ¿por que? ¿que pasou? ¿cómo te sentichs? ¿que terías que haber dito?

Pasos condutuais:

Para **decir non** é necesario:

1. Darse conta de que esa petición non a queremos realizar. Sintes que estarás insatisfeito/a e a disgusto si realizas a petición, ou sintes que non é oportuna a petición.
2. Comunicar á outra persoa a nosa negativa:
 - .. utilizar expresión verbal correcta: expresión directa, clara e sin rodeos, mensaxes “eu non”
 - .. utilizar linguaxe corporal segura: voz firme e tranquila, contacto ocular, distancia cercana ao interlocutor. Trátase de dicilo de forma amable e firme pero sin ser autoritario nin agresivo. Si queredes que a outra persoa vos respecte, vos tedes que respectala.

2. MODELADO

O/a mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para por en práctica a habilidade social.

“Estou vendo o meu programa de televisión favorito e os meus amigos/as veñen a buscarme para ir a dar un paseo. A min non me apetece. O que teño que facer é mirar os meus amigos/as, permanecer tranquilo/a e seguro/a do que digo; direilles: “síntoo pero agora estou vendo o meu programa favorito e non me apetece dar un paseo ata que termine ¿por que non ides vos e búscovos despois?”

É importante que o mestre/a modele expresións que se poden utilizar nestas situacións:

“perdoa, pero agora non podo ir...”

“síntoo, hoxe non podo ”

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

- A túa mellor amiga, pídeche que lle prestes o teu balón de baloncesto, pero ti queres xogar con el.
- Teus amigos/as pídenche que si queres xogar con eles gastes unha broma pesada ó mestre/a. A ti non che parece ben.
- Un/unha neno/a quere que des unha patada a unha nena e ti non queres.
- Un/unha neno/a quere que lle acompañes a roubar algo no supermercado da esquina.



Tamén é necesario que o mestre/a aprobeite as variadas situacións que se producen na aula e que son oportunas para que os alumnos/as fagan valer os seus dereitos aos demais.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

O mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fixeran ben, aunque sexa só haberse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Esta semana aprobeita as situacións adecuadas para dar dúas negativas de modo correcto.
- Durante a semana, responder de modo cordial e positivo cando che pidan algo que ti non queres facer porque non é bo.

		COÑECERSE A SI MESMO
		DICIR NON
OBXECTIVO: Que o neno/a sexa capaz de dar unha negativa ás peticións dos demais de maneira non punitiva e diplomática.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A

- Ten que negarse a algo que lle pide alguén da familia
- Na rúa ten que dicir non, xa que outro neno o avasalla
- Dicir non cando non se está de acordo con algo



PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- A defensa dos propios dereitos inclúe habilidades como: dar unha negativa e dicir non a outras persoas, facer e responder a queixas e reclamacións, facer peticións ou rogos e pedir que outras persoas cambien a súa conduta.
- Importancia de defender as propias opinións de forma adecuada, dun modo cordial e positivo, sin ser ríxidos, sin impoñer a nosa opinión, sin avasallar aos demais e non renunciando por elo a dicir que non opinamos o mesmo.

PASOS NA ENSINANZA DESTA HABILIDADE:

Para **dicir non** é necesario:

1. Darse conta de que esa petición non a queremos realizar. Sintes que estarás insatisfeito/a e a disgusto si realizas a petición, ou sintes que non é oportuna a petición.
2. Comunicar á outra persoa a nosa negativa:
 - .. utilizar expresión verbal correcta: expresión directa, clara e sin rodeos, mensaxes “eu non”
 - .. utilizar linguaxe corporal segura: voz firme e tranquila, contacto ocular, distancia cercana ó interlocutor/a. Trátase de dicilo de forma amable e firme pero sin ser autoritario/a nin agresivo/a. Si queredes que a outra persoa vos respecte, vos tedes que respectala.

		EMOCIÓN E SENTIMENTOS
		EXPRESAR / RECIBIR EMOCIÓN
OBXECTIVO: Que o alumno/a en situacións interpersoais, exprese, identifique e responda de modo adecuado ás súas emocións, sentimentos e afectos e a dos demais.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: expresar emocións significa saber comunicar a outras persoas como nos sentimos, que emocións temos para que a outra persoa reaccione adecuadamente. Recibir emocións significa que nós saibamos responder adecuadamente ante as emocións, sentimentos das outras persoas.

Introdución: en assemblea o mestre/a, orientará aos seus alumnos/as no sentido de poñerse no lugar dos outros para recibir ou expresar as súas emocións. Farase valorar a importancia que supón esta habilidade, tanto para sentirse escoitado, apoiado e comprendido como para que o estean os demais cando nos comunican as súas emocións.

Pasos condutuais:

Para **expresar emocións, sentimentos ou afectos** o que hai que facer é:

- 1º. Darse conta e notar a emoción. Para iso hai que observarse a si mesmo. Que me pasa?, que sinto?, que me digo?
- 2º. Dar as razóns, as causas e os antecedentes desa emoción. Por que me sinto así? Síntome así porque..., que ocorreu antes?, que fixen?, Que dixen?, Que dixo ou fixo a outra persoa?
- 3º. Expresar esa emoción ou sentimento con expresión verbal adecuada e linguaxe corporal oportuno. Isto supón:
 - Buscar o lugar adecuado
 - Describir breve e claramente como te sintes
 - Dar as razóns e causas dese sentimento (si é oportuno)
 - Agradecer á outra persoa por escoitarte
- 4º. Buscar modos para:
 - Manter e/ou intensificar a emoción (si é positiva).
 - Reducir e/ou eliminar a emoción (si é negativa), a través de autocontrol, pedir axuda, relaxación.

Para **responder ás emocións, sentimentos e afectos** doutra persoa hai que:

- 1º. Identificar emocións e sentimentos positivos e negativos nas outras persoas:
 - Observando o que a outra persoa fai, mirando a súa expresión corporal (cara, mans,...)
 - Escoitar o que a outra persoa che di. Permitir que a outra persoa exprese os seus sentimentos e che comunique a emoción: que di? como fala?..
- 2º. Poñerse no lugar da outra persoa para comprender os seus sentimentos.

3º. Responder adecuadamente, con expresión verbal e linguaxe corporal Que se pode facer para que a outra persoa se sinta mellor?

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

- (a) os sinais corporais que acompañan á emoción (expresión facial, xestos corporais, respiración, movementos).
- (b) os pensamentos que acompañan á emoción (que me digo a min mesmo?, que penso?).
- (c) os sucesos antecedentes que desencadearon a emoción.

Exemplos suxeridos para modelado

- O mestre/a felicítote públicamente polo teu traballo. Estás moi contento/a e queres contarllo á túa amiga.
- Estás preocupado/a e desgustado/a porque un neno/a acusote de algo que ti non fixeches. Queres que o neno/a saiba que estás desgustado.
- Un neno/a está estraña. Queres saber que pasa. Tratas de poñerte no seu lugar.
- Un amigo/a teu enfadouse contigo e estache “botando unha rifa”.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

Informar ao neno/a do que fai ben. Reforzarlle positivamente (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Dí e/ou escribe tres cousas polas que ti te sintas alegre, preocupado/a, triste, rabioso/a, feliz...
- Expresar enfado a un amigo por algo que che fixo e non che gustou.
- Observar e/ou anotar como te sintes logo dunha crítica.
- Ser “detective” e adiviñar como se sinten e se atopan as persoas que nos rodean (familia, amigos/as, mestres/as ou veciños/as).

		EMOCIÓN E SENTIMENTOS
		EXPRESAR / RECIBIR EMOCIÓN
OBXECTIVO: Que o neno/a en situacións interpersoais, exprese, identifique e responda de modo adecuado ás súas emocións, sentimentos e afectos e a dos demais.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- nas que se lle fai ou recibe unha crítica
- nas que se lle fai ou recibe un eloxio ou alabanza

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- Diferenciar entre emocións e sentimentos positivos ou agradables (alegría, tranquilidade, felicidade) e emocións negativas ou desagradables (enfado, aburrimiento, medo, nervios).
- Importancia de:
 - . Fixarse nos sinais corporais que acompañan a emoción (a cara, as mans, os movementos, etc)
 - . Os pensamentos que acompañan á emoción: que digo? que fago?
 - . Poñerse no lugar da outra persoa, para adoptar o seu punto de vista, comprender como se sente e por que actúa así.
 - . Dereito á privacidade das emocións e sentimentos, pero conveniencia de expresar o propio estado emocional porque axuda a relacionarse mellor cos demais.

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE

Para **expresar emocións, sentimentos ou afectos** o que hai que facer é:

- 1º. Darse conta e notar a emoción. Para iso hai que observarse a si mesmo. Que me pasa?, que sinto?, que me digo?
- 2º. Dar as razóns, as causas e os antecedentes desa emoción. Por que me sinto así? Síntome así porque..., que ocorreu antes?, que fixen?, Que dixen?, Que dixo ou fixo a outra persoa?
- 3º. Expresar esa emoción ou sentimento con expresión verbal adecuada e linguaxe corporal oportuno. Isto supón:
 - Buscar o lugar adecuado
 - Describir breve e claramente como te sentes
 - Dar as razóns e causas dese sentimento (si é oportuno)
 - Agradecer á outra persoa por escoitarte
- 4º. Buscar modos para:
 - Manter e/ou intensificar a emoción (si é positiva).
 - Reducir e/ou eliminar a emoción (si é negativa), a través de autocontrol, pedir axuda, relaxación.



Para **responder ás emocións**, sentimentos e afectos doutra persoa hai que:

1º. Identificar emocións e sentimentos positivos e negativos nas outras persoas:

- Observando o que a outra persoa fai, mirando a súa expresión corporal (cara, mans,...)
- escoitar o que a outra acode che di. Permitir que a outra persoa exprese os seus sentimentos e che comunique a emoción: que di? como fala?,..

2º. Poñerse no lugar da outra persoa para comprender os seus sentimentos.

3º. Responder adecuadamente, con expresión verbal e linguaxe corporal Que se pode facer para que a outra persoa se sinta mellor?

		HABILIDADES DE SOLUCIÓN DE PROBLEMAS INTERPERSOAIS
		SOLUCIONAR PROBLEMAS INTERPERSOAIS
OBXECTIVO: Que o alumno/a resolva problemas interpersoais que ten cando se relaciona con outros.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: o adestramento na resolución de problemas constitúe unha estratexia moi positiva, non só porque o alumno/a aprende a manexarse en situacións de conflito con outras persoas, senón porque ademais, axúdalle a completar e favorecer o seu pensamento reflexivo.

Introdución: o mestre/a en asemblea fai preguntas, para que os alumnos/as identifiquen problemas que habitualmente teñen na súa relación con outros nenos/as. Centrarémonos en concreto, nun problema do día de hoxe ou o máis próximo posible, e dialogaremos para que o neno/a especifique e formule o problema, os sentimentos e pensamentos que ten nesa situación, os sentimentos e pensamentos que cre que ten a outra persoa, os motivos que o puideron orixinar, as posibles solucións que pode ter e a procura da mellor solución para resolvelo.

Pasos condutuais:

Para **resolver problemas interpersonais** é necesario:

- 1º. Controlar o impulso inicial. **Deterse e pensar antes de actuar.**
- 2º. Identificar e definir o problema que se ten: **Cal é o problema?**
 - Que ocorreu?
 - Os motivos. Causas
 - Que pensa cada un?
 - Que sente cada un? Emocións. Estados de ánimo
 - Definir obxectivos: o que queremos conseguir ante a situación conflitiva
- 3º. Buscar moitas alternativas de posibles solucións: **Que se pode facer?**
- 4º. Pensar nas posibles consecuencias (positivas/negativas) de cada unha: **Que ocorrería si eu...?**
- 5º. Seleccionar a mellor solución: **Cal é a mellor solución?**
 - ☞ Que sexa razoable
 - ☞ Xusta
 - ☞ Que resolva o conflito
 - ☞ Que beneficie a todos
- 6º. **Poñela en práctica.**
- 7º. **Avaliar os resultados** obtidos.

O mestre/a guiará ao alumno/a para que diferencie entre:

- inicio do conflito por el/ela mesmo/a
- inicio do conflito por outros e resposta que dá cando outro lle arremete, provoca ou rechaza.

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para modelado:

- A unha nena tíranlle do pelo para facer rabiarse.
- Un neno leva lentes con cristais grosos e algúns compañeiros/as ríñense del. Que pode facer o neno? E os demais?
- No comedor do colexio a unha nena escondéronlle a carteira. Sabe quen foi .
- Dous nenos/as e lévanse mal. Insúltanse a miúdo. Que pode facer cada un deles?

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

Na retroalimentación ou feedback, o mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- Escribir/dicir problemas que tiveches nos últimos días con outros nenos/as.
- Observarse a si mesmo: o que fas, dis, pensas, sintes cando tes problemas con outros Nenos/as.
- Observar a outros nenos/adultos en situacións conflitivas. Interpretar como se sinte a outra persoa.
- Comentar con outros nenos/as ou adultos de confianza algún problema que che preocupe.
- Pensar ou facer unha lista con moitas alternativas para solucionar un conflito cos teus pais/mestres/as. Valorar a mellor de todas elas e poñela en práctica.

		HABILIDADES DE SOLUCIÓN DE PROBLEMAS INTERPERSOAIS
SOLUCIONAR PROBLEMAS INTERPERSOAIS		
OBXECTIVO: Que o neno/a resolva os problemas interpersoais que ten cando se relaciona con outros.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

Situacións nas que entra en conflito con outros nenos/as.

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- Resolver un problema interpersoal significa recoñecer que existe unha situación conflictiva con outras persoas, supón ademais delimitar e especificar exactamente cal é o problema, buscar solucións posibles, elixir a mellor e poñela en práctica.
- Observar que problemas adoitan ter os vosos fillos e fillas con outros nenos/as (agresión, rexeitamento, molestia, provocación, .).
- Observar que é o que facemos nós cando o voso fillo/a ten un problema con outro neno/a.

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE

Para **resolver problemas interpersonais** é necesario:

1º. Controlar o impulso inicial. **Deterse e pensar antes de actuar.**

2º. Identificar e definir o problema que se ten: **Cal é o problema?**

- Que ocorreu?
- Os motivos. Causas
- Que pensa cada un?
- Que sente cada un? Emocións. Estados de ánimo
- Definir obxectivos: o que queremos conseguir ante a situación conflictiva

3º. Buscar moitas alternativas de posibles solucións: **Que se pode facer?**

4º. Pensar nas posibles consecuencias (positivas/negativas) de cada unha: **Que ocorrería si eu... ?**

5º Elixir a alternativa que nos parece mellor: **Cal é a mellor solución?**



- ☞ Que sexa razoable
- ☞ Xusta
- ☞ Que resolva o conflito
- ☞ Que beneficie a todos/as

6º. **Poñela en práctica.**

7º. **Avaliar os resultados** obtidos.

Papel dos pais cando o voso fillo/a ten problemas con outros nenos/as:

- Dialogar cos fillos/as sobre os seus problemas dende o interese, non dende a intromisión.
- Orientarlle e axudarlle para que el/ela só/a resolva os seus problemas
- Estimulalo/a para que se poña no lugar dos outros: ter en conta os sentimentos e pensamentos de ambas partes do conflito; o que pensa e sente o voso fillo/a e o que cre que pensa e sente o outro.
- Estimular ao neno/a a que poña en práctica e probe as solucións que el mesmo elixe (aínda que ao adulto non lle pareza a solución máis adecuada).
- Que os pais resolvan o problema polo neno/a, supón:
 - ♦ unha intromisión do adulto nun conflito que non se deu con el e que probablemente entre nenos/as é diferente a como se ve dende os adultos
 - ♦ facerlle dependente de vós, habituarase a que os seus pais lle resolvan os problemas , e que vai pasar cando os pais non estean diante?
 - ♦ facerlle dependente e non favorecer a súa autonomía persoal. O que o neno/a sexa capaz de facer por si só segundo a súa idade, non debedes facelo vós por el.
- Só se debe intervir directamente ante problemas graves: ameazas, integridade física, etc, intentando aclarar o que está ocorrendo e tamén falando co mestre/a titor/a en cuestión e non entre vós como familias para evitar malentendidos e malestares, que teñen solución.

 	HABILIDADES PARA RELACIONARSE COS ADULTOS
	PETICIÓN DO ADULTO
OBXECTIVO: que o alumno/a faga petición e responda ás petición dos adultos.	

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: os adultos son persoas que xeralmente posúen poder e autoridade. Isto fai que as relacións que se establecen con eles/elas sexan distintas ás que tedes cos vosos compañeiros/as da mesma idade. Pero isto non ha de supoñer que estas relacións sexan de dependencia nin de sumisión para vós, senón polo contrario relacións asertivas e en definitiva, positivas para ambos, alumno/a e adulto.

A algúns adultos cústalles aceptar que os nenos/as teñen dereito a facer peticións, reclamación ou queixas ás persoas maiores. Por iso, é importante facer todas estas condutas de modo adecuado.

Introdución: o mestre/a en assemblea fai preguntas, para que os alumnos/as identifiquen as peticións que querrían facer ós adultos e explica non só para que lles sirva dispoñer desta habilidade, senón tamén o poñela en práctica de modo correcto cando se relacionan con adultos na vida diaria.

Presenta exemplos de:

Peticións ó adulto:

- pedir cambios de conduta ó adulto
- preguntar o por que ó adulto
- expresar queixas ó adulto
- comunicar ás necesidades ó adulto
- expresar sentimentos e emocións ó adulto

Peticións do adulto:

- obedecer as peticións dun adulto en posición de autoridade
- negarse a peticións de adultos descoñecidos
- seguir as normas dun adulto
- recibir as emocións de un adulto
- responder a queixas feitas por adultos

Pasos condutuais:

Para facer peticións ó adulto é necesario:

- elixir o momento e lugar adecuado
- aproximarse ó adulto, mirarlle e saudarlle
- expresar a petición (queixa, pregunta...) con expresión verbal correcta e tono de voz firme e claro, pero respectuoso e tranquilo.
- utilizar expresión corporal adecuada: postura e xestos adecuados.
- agradecer ó adulto haber escoitado

Para responder ás peticións do adulto, hai que:

- escoitar con moita atención e interese o que pide o adulto e pedir máis información si é preciso.
- poñerse no lugar do adulto e tratar de comprender o que pide
- decidir o que se quere facer e actuar en consecuencia
 - .si se está de acordo facer o que pide e de bo agrado
 - .si non se está de acordo, negarse e expresar a negativa de modo correcto “síntoo pero...”

2. MODELADO

O mestre/a elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para modelado:

- teus pais pídenche que vayas con eles o fin de semana ao pobo a axudalos. Ti tes un cumpleaños de un amigo/a.
- un veciño,(pai de un amigo/a) sempre se burla de ti. Moléstache moito e queres que deixe de facelo.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS



Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

Na retroalimentación ou feedback, o mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

5. TAREFAS PARA CASA

- facer peticións ás persoas maiores
- responder a unha queixa que che faga un adulto
- pedir a un adulto que cambie algo da súa conduta que che molesta

		HABILIDADES PARA RELACIONARSE COS ADULTOS
PETICIÓNS AO ADULTO		
OBXECTIVO: que o neno/a faga peticións e responda ás peticións dos adultos		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:

- non estades de acordo coa hora de deitarse que lle dicides e quere pedir que a atrasedes
- o seu pai pídlle que vaia con el de compras, pero el/ela prefire ir xogar cos amigos/as

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- exemplos de condutas de peticións ó adulto son: preguntar, pedir máis información, facer peticións e rogos, expresar queixas.
- exemplos de peticións do adulto son: negarse a peticións, dicir que non, obedecer as peticións de un adulto en posición de autoridade, seguir as normas do adulto...
- é importante que os nenos/as sepan defender os seus dereitos ante os adultos que o fagan correctamente.
- cando, onde e con quen hai que aplicar estas habilidades



PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE

Para facer peticións ó adulto é necesario:

- elixir o momento e lugar adecuado
- aproximarse ó adulto, mirarlle e saudarlle
- expresar a petición (queixa, pregunta...) con expresión verbal correcta e tono de voz firme e claro, pero respectuoso e tranquilo.
- utilizar expresión corporal adecuada: postura e xestos adecuados.
- agradecer ó adulto haber escoitado

Para responder ás peticións do adulto, hai que:

- escoitar con moita atención e interese o que pide o adulto e pedir máis información si é preciso.
- poñerse no lugar do adulto e tratar de comprender o que pide
- decidir o que se quere facer e actuar en consecuencia
 - .si se está de acordo facer o que pide e de bo agrado
 - .si non se está de acordo, negarse e expresar a negativa de modo correcto "síntoo pero..."

		HABILIDADES PARA RELACIONARSE COS ADULTOS
		SOLUCIONAR PROBLEMAS CON ADULTOS
OBXECTIVO: que o alumno/a aprenda a solucionar por él/ela mesmo/a, os problemas interpersoais que aparecen cos adultos.		

1. COMPOÑENTES E PASOS CONDUTUAIS ESPECÍFICOS DA HABILIDADE

Xustificación: saber solucionar os problemas cos adultos constitúe unha estratexia moi positiva, xa que así o alumno/a aprenderá a manexarse en situacións cos adultos e coñecer a importancia ó saber solucionar os problemas cos adultos correctamente.

Introdución: o mestre/a presenta moitas preguntas e guía a emerxencia de solución por parte dos alumnos/as; non proporcionando a solución. “¿quen nos pon exemplos de problemas que tivese ou teña con adultos?”. Durante o diálogo o mestre/a estimula e guía as intervencións do alumnado de forma que eles/elas vaian aprendendo a:

- identificar e analizar o problema
- xerar moitas alternativas de solución ao problema
- considerar e prever as consecuencias dos propios actos e dos actos dos demais
- elixir unha solución das posibles
- planificar a posta en práctica da solución e por fin levala a cabo.

Pasos condutuais:

Para **solucionar un problema con un adulto** hai que:

- 1º. Controlar o impulso inicial. **Deterse e pensar antes de actuar.**
- 2º. Identificar e definir o problema que se ten: **Cal é o problema?**
- 3º. Buscar moitas alternativas de posibles solucións: **Que se pode facer?**
- 4º. Pensar nas posibles consecuencias (positivas/negativas) de cada unha: **Que ocorrería si eu...?**
- 5º. Seleccionar a mellor solución: **Cal é a mellor solución?**
- 6º. **Poñela en práctica.**
- 7º. **Avaliar os resultados** obtidos.

2. MODELADO

O mestre/a, elixe unha situación concreta e fai o modelado, verbalizando en voz alta as preguntas que se fai a si mesmo para poñer en práctica a habilidade social.

Exemplos suxeridos para modelado:



- o mestre/a púxoche unha mala nota no exame e queres falar con el/ela.
- o mestre/a déixache sen recreo por alborotar na fila pero ti non foches.

3. ENSAIO CONDUTUAL. ROLE-PLAYING. DRAMATIZACIÓNS

Os alumnos/as practican mediante dramatizacións distintas situacións para poñer en práctica a habilidade.

4. REFORZAMENTO DO MESTRE/A. RETROALIMENTACIÓN OU FEEDBACK

Na retroalimentación ou feedback, o mestre/a informa aos nenos/as do que fixeron ben, citando exemplos do emprego adecuado. Debe ser un reforzador positivo (dicir algo agradable ao neno/a) e estar centrado en algo que os nenos/as fagan ben, aínda que sexa só terse esforzado por seguir ensaiando nunha situación difícil.

		HABILIDADES PARA RELACIONARSE COS ADULTOS
		SOLUCIONAR PROBLEMAS CON ADULTOS
OBXECTIVO: que o neno/a aprenda a solucionar por el/ela mesmo/a, os problemas interpersoais que aparecen cos adultos.		

SITUACIÓNS NAS QUE ESTA HABILIDADE É NECESARIA PARA O VOSO FILLO/A:



- estropeou a televisión
- está sancionado sen ir a xogar porque non recolleu os xoguetes

PUNTOS PARA O DIÁLOGO:

- observar con que adultos ten problemas o voso fillo/a. Estimularlle para que trate de resolvelos.
- é necesario que o neno/a resolva por el mesmo o problema que ten co adulto. O pai /nai axúdalle para que busque solución, prevea posibles consecuencias, se poña no lugar da outra persoa...

PASOS NO ENSINO DESTA HABILIDADE

- 1º. Controlar o impulso inicial. **Deterse e pensar antes de actuar.**
- 2º. Identificar e definir o problema que se ten: **Cal é o problema?**
- 3º. Buscar moitas alternativas de posibles solucións: **Que se pode facer?**
- 4º. Pensar nas posibles consecuencias (positivas/negativas) de cada unha: **Que ocorrería si eu...?**
- 5º. Seleccionar a mellor solución: **Cal é a mellor solución?**
- 6º. **Poñela en práctica.**
- 7º. **Avaliar os resultados** obtidos.

		<p>PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS</p>
		<p>AUTOESTIMA</p>
<p>OBXECTIVO: Que o alumno/a amplíe o coñecemento de si mesmo e desenvolva unha actitude de aceptación e valoración de si mesmo.</p>		

O desenvolvemento de tódalas habilidades anteriormente traballadas, favorecen a adquisición dunha autoestima positiva pero para potenciala máis na etapa inicial do desenvolvemento, a continuación tamén se inclúen 2 fichas ao respecto.

¿QUE É A AUTOESTIMA?

É a valoración afectiva que se fai dun mesmo. Significa a valoración dun mesmo, se se está satisfeito coa propia persoa. É un xuízo de valor sobre as nosas cualidades persoais.

A autoestima é un aspecto fundamental do éxito na vida e da felicidade. Dela depende que cheguemos ou non ás nosas metas. Todo o que vemos, oímos e sentimos inflúe na valoración que facemos de nós mesmos.

ESTRATEGIAS PARA DESENVOLVER A AUTOESTIMA DOS ALUMNOS/AS.

Algunhas das estratexias útiles para desenvolver a autoestima dos alumnos/as son:

- Usar frecuentemente o reforzo dos logros dos alumnos/as fronte o grupo. É importante recoñecer logros reais (e non obviedades), que sexan sentidos como algo especial e único polo alumno/a, permitíndolle así procesalos como éxitos persoais.
- Mostrar confianza nas capacidades do alumnado e nas súas habilidades para enfrentar e resolver os seus problemas e dificultades en distintas situacións.
- Incentivalos a asumir responsabilidades, isto demostraralles que se confía en eles. As responsabilidades asignadas deben ser posibles de cumprir polos nenos/as.
- Poñer esixencias e metas ó alcance dos nenos/as, e que estas metas podan ser alcanzadas con un esforzo razoable.

Ademais de todo isto, tamén é necesario cuidar de non fomentar unha autoestima negativa. Para elo deberase:

- Evitar unha frecuencia moi alta de mensaxes que repitan reiteradamente as características negativas do alumnado.
- Diferenciar entre unha determinada mala conduta e a identidade do neno/a, porque senón o neno/a non só procesa que tivo unha conduta equivocada, senón que sinte que él, como persoa é mala. Por exemplo é preferible dicir “ordea a túa mesa” que retar dicindo “eres un desordeado ¿como é posible que sempre teñas os teus materiais en desorde?”.

ACTIVIDADE : “BÚSCASE”

O mestre/a divide a aula en dous grupos e asigna a cada grupo, un neno/a do grupo contrario. Este neno/a debe ser descrito coas súas características máis positivas. Dase un tempo para que traballen nesta descrición e un deles escribe nunha folla o que sinalan os seus compañeiros/as.

O mestre/a revisa a descrición efectuada por cada grupo, agrégalle elementos positivos e borra os elementos que podan ser descalificadores.



Despois, lese a descrición ó outro grupo para que adiviñe de quen se trata. Por exemplo:

Búscase unha persoa que.....

- Ri moito
- Ten o pelo negro
- é valente
-

¿Quen é?

Esta actividade pode realizarse en varias sesións, de tal maneira que todos/as ou a maioría dos nenos/as sexan descritos, e así vexan que todos/as teñen e temos cousas positivas.

		<p>PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS</p>
<p>AUTOESTIMA</p>		
<p>OBXECTIVO: Que o neno/a amplíe o coñecemento de si mesmo e desenvolva unha actitude de aceptación e valoración de si mesmo.</p>		

Os primeiros anos de vida son fundamentais na elaboración da autoestima. Aquelas valoracións verbais e non verbais que facedes dos vosos fillos/as van incidir tamén en gran medida na formación da súa autoestima.

Como podeades axudar a desenvolver unha autoestima positiva nos vosos fillos/as:

- Os/as nenos/as necesitan:
 - un fogar feliz e seguro, onde desfruten de certa liberdade. Onde existan normas e límites consensuados como equipo entre pai, nai e fillos/as, que rexan a convivencia.
 - sentir que son capaces de facer cousas autonomamente e resolver os seus pequenos problemas, para iso a familia debe darlles responsabilidades de forma gradual.
- Como familia debeades:
 - manifestar satisfacción polos logros e avances do/a neno/a.
 - dispensar eloxios merecidos ante as tarefas dos/as nenos/as.
 - axudar e ensinar ao neno/a con orientacións concretas ante as súas dificultades, sen menosprezar os intentos frustrados do mesmo.
 - a familia debe admitir os propios erros, porque para a súa seguridade, os/as nenos/as necesitan aprender que ás veces fracasase e cométense erros.
 - evitar as comparacións. Cada neno/a debe ser valorado polo que é e o que pode facer. O/a neno/a aprenderá con este exemplo a valorar e sentir agrado polos demais, respectando as diferenzas entre as persoas.

- é necesario propoñerlle tarefas de dificultade axustada, que podan realizar con éxito, isto xerará confianza nas propias capacidades.

- na familia débese fomentar o sentimento de “estar satisfeito con un mesmo”, xerando no/a neno/a os pensamentos de:

- *“PODO FACER COUSAS”*
- *“SON IMPORTANTE”*
- *“PODO APRENDER”*
- *“PODO EQUIVOCARME”*

Accións a evitar xa que debilitan a autoestima dos/as nenos/as:

- Ter demasiadas ou moi poucas expectativas do voso fillo/a.
- Berrar ou criticar demasiado, especialmente diante de outros/as.
- Criticalo/a máis do que lle eloxiades ou agradecedes.
- Utilizar adxectivos como tonto, frouxo...
- Cando comete erros, dicirlle que fracasou.

Actividades e xogos para mellorar a autoestima

Algúns xogos e exercicios prácticos que podedes realizar cos vosos fillos/as para construír a súa autoestima son:

“Eu son”: podedes realizar esta actividade cunha folla en branco e lapis de cores.

En primeiro lugar, pedídlle que escriba unha lista con palabras que o/a describan, poden ser positivas ou negativas. Despois, pedídlle que escriba as cousas boas que os demais din del/a. Pegade a foto do voso fillo/a no centro dun papel e pedídlle que rodee a foto con palabras positivas sobre el/a. Por último, poñede a foto na súa habitación para reforzar as cousas positivas.

Enumerade os éxitos na súa vida: unha forma adecuada de mellorar a autoestima dos nenos/as é recordarlles os seus logros.

Con un papel e un lapis, pedídlle que faga unha lista cos logros que obtivo ata ese momento, deixando espazo para engadir máis despois. Para recordarlle o seu potencial podedes pedirle que escriba os

logros obtidos cada día antes de ir á cama. Facer isto cada día axudarlle a recordar que sabe facer cousas e ao mesmo tempo aumente a súa autoconfianza.

Experiencias positivas: trátase dunha actividade grupal que se pode realizar con familiares ou amigos/as, cunha caixa e cartas.

O grupo debe sentarse formando un círculo e cada membro debe ter unha carta. Despois, pídeselle a cada un dos membros que escriba o seu nome na súa carta e que a introduzan na caixa. Mestúranse tódalas cartas na caixa e cada un colle unha carta da caixa. Entón, cada un debe escribir algo positivo da persoa que sae na carta e pasar a carta á persoa que está ó seu lado e así ata que todos/as escriban algo bo do nome que aparece na carta.

Posteriormente, métese de novo tódalas cartas na caixa e a cada un dáselle a carta na que sae o seu nome e pídeselle que lea as cousas boas que os demais puxeron.

Teño medo de...: o medo é moi poderoso e pode facer que non fagamos cousas que realmente queremos facer. Esta actividade pode axudar ós/ás nenos/as a enfrontarse a cousas que teme.

Pedídlle que escriba aquelas cousas que ten medo a facer. Por exemplo, pode ter medo a aprender a nadar ou a falar en público, etc. As oracións deben ser do tipo: “Teño medo a aprender a nadar porque...”

Despois debedes pedirlle que imaxine que fai aquilo que teme. Por exemplo, imaxinar que está nadando, e que escriba os posibles resultados ou consecuencias de intentar facelo, respondendo á pregunta de “¿que podería pasar?”

Visualización: os pensamentos negativos poden bloquealo/a ata o punto de non poder facer nada novo. Se o voso fillo/a se atopa nesta fase, esta actividade vai axudarlle.

Investigade por que o voso fillo/a pensa que non é bo nalgo ou ten medo a facer algo. Por exemplo, se está preocupado/a por ir á escola, centrádevos niso. Pedídlle que imaxine como debería ser o escenario para poder cambiar iso negativo. Pedídlle que peche os ollos e que imaxine ese escenario que describiu previamente e como se sentiría se puidese ser real. Decídlle que escriba como se sinte cando visualiza esa situación idílica e que pensa sobre si mesmo/a.

5.2. Programa específico para contribuir á adquisición de habilidades e competencias sociais

Dirixido a aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

De darse o caso, o Departamento de Orientación procederá a elaborar e desenvolver tamén o programa específico pertinente do seguinte modo:

- Primeiramente procederase a identificar os indicadores de dificultade que presente o alumno/a en cuestión (así como a súa situación persoal/familiar),
- A continuación elaborárase o programa específico, centrándose nas habilidades máis necesarias a ensinar/potenciar, segundo os indicadores de dificultade detectados no alumno/a e a súa situación persoal/familiar.

No programa específico recolleranse os mesmos puntos dos programas expostos (obxectivos, contidos...) pero de forma máis concreta.

Unha vez elaborado, aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o mestre/a titor/a, que procurarán implicar o resto dos mestres/as e a familia e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.



CONCLUSIÓN

O primeiro círculo no que os nenos/as empezan a desenvolver as súas habilidades sociais é a familia, pero cando chegan ao colexio, o seu círculo amplíase a iguais e adultos que non coñecen, e polo tanto deben aprender a poñer en práctica outro tipo de habilidades nun contexto completamente diferente.

POLO TANTO TODOS/AS TEMOS UN PAPEL MOI IMPORTANTE NA CORRECTA ADQUISICIÓN DAS HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS DO ALUMNADO E FUTUROS CIDADÁS, CO CAL TODOS/AS DEBEMOS SER UN BO EXEMPLO A SEGUIR!

E VÓS COMO FAMILIAS SODES PARA OS VOSOS FILLOS/AS O PRIMEIRO REFERENTE A SEGUIR, E ASÍ COMO UNHA PLANTA NON PODE MEDRAR SEN AUGA, OS VOSOS FILLOS/AS NON VAN PODER ADQUIRIR UNHAS BOAS HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS SEN A GRAN VALIOSA VOSA AXUDA E COLABORACIÓN!

SODES POLO TANTO UN ENGRANAXE MOI IMPORTANTE NO DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES SOCIAIS DOS VOSOS/AS FILLOS/AS!



ANEXOS

Anexo 1 *Avaliación inicial e final Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria*

Anexo 2 *Avaliación inicial e final do 2º ciclo de Educación Primaria*

Anexo 3 *Avaliación inicial e final do 3º ciclo de Educación Primaria*

Anexo 4 *Autoavaliación do alumnado*

Anexo 5 *Caderno das emocións*

Anexo 6 *O volume de voz*